

ESTATUTOS DA
Asociación de Desenvolvemento da Comarca de A Mariña (GDR-1)

TÍTULO I. DENOMINACIÓN E RÉXIME LEGAL

Artigo 1. Denominación

Constitúese a Asociación de Desenvolvemento da Comarca de A Mariña (GDR-1).

A Asociación carece de ánimo de lucro.

Os beneficios que obteña por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da Asociación, sen que se poidan repartir entre os asociados nin outras persoas físicas ou xurídicas con fin lucrativo.

Artigo 2. Réxime Legal

A Asociación rexerase polo artigo 22 da Constitución, pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, polo Real Decreto 1497/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións e das súas relacións cos restantes rexistros de asociacións, polos presentes estatutos e polo regulamento de réxime interno que, de ser o caso, se aprobe, así como polos acordos validamente adoptados na Asemblea Xeral e órganos directivos dentro da esfera da súa respectiva competencia.

O funcionamento da Asociación será democrático.

TÍTULO II. DOMICILIO SOCIAL E ÁMBITO DE ACTUACIÓN

Artigo 3. Domicilio

A Asociación fixa o domicilio social no Centro de Desenvolvemento Comarcal de A Mariña Central, rúa Julia Pardo, 13, 27740, Mondoñedo (Lugo). Poderanse crear subsedes sociais noutras localidades mediante acordo da Xunta Directiva, que tamén terá facultades para poder cambiar o domicilio destas.

Artigo 4. Ámbito de actuación

A Asociación terá como ámbito de actuación preferente o dos concellos de Ribadeo, Trabada, Barreiros, Lourenzá, Mondoñedo, Alfoz, O Valadouro, Foz, Burela, Cervo, Xove, Viveiro, Ourol e Viveiro, na provincia de Lugo, sen prexuízo de que poida estenderse por necesidades operativas dos seus programas e actividades.

TÍTULO III. FINS E ACTIVIDADES

Artigo 5. Fins e actividades

1.- A Asociación constitúese coa finalidade de ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento do territorio de actuación, para acadar os seguintes fins:

- a) Vertebrar os diferentes sectores socioeconómicos e constituír un foro de debate continuo sobre os problemas da zona, prestando especial atención aos mozos, ás mulleres, á protección do ambiente e á creación de emprego.
- b) Sensibilizar as Administracións locais, autonómica, estatal, así como as institucións comunitarias europeas, canalizando as demandas da poboación do territorio, co obxecto de optimizar o aproveitamento dos recursos endóxeos da zona de cara ao seu desenvolvemento harmónico e integral.
- c) Ser centro receptor e distribuidor de toda a información relativa ao desenvolvemento socioeconómico do medio rural, tanto a nivel nacional coma internacional, centrándose esta labor principalmente no coñecemento dos recursos e promoción de proxectos e iniciativas de interese para lograr un desenvolvemento harmónico, equilibrado, endógeno, sostible e integral.
- d) Posibilitar entre os asociados e outros interesados o intercambio de experiencias e metodoloxías de animación e desenvolvemento socioeconómico.
- e) Potenciar, revalorizar e preservar os recursos naturais, culturais, históricos e artísticos da zona.
- f) Concienciar á poboación da necesidade de protexer o ambiente e o contorno rural, e tomar parte activa niso, mediante actividades orixinais e innovadoras.
- g) Formular e transmitir á poboación a estratexia adecuada para lograr o desenvolvemento da zona, así como promover a súa aplicación.
- h) Articular unha dinámica de participación que facilite o desenvolvemento tanto social como económico.

2.- Para acadar os ditos obxectivos, a Asociación poderá desenvolver as seguintes actividades:

- a) Desenvolver iniciativas dirixidas a frear o éxodo rural, así como para fomentar a creación de emprego.
- b) Sensibilizar o tecido socioeconómico da zona sobre os problemas, recursos, accións e proxectos que contribúan ao seu desenvolvemento.
- c) Organizar, promover, coordinar e realizar todo tipo de actividades socioculturais, tales como seminarios, conferencias, xornadas, investigacións e estudos relativos aos problemas de desenvolvemento da zona, así como editar, no seu caso, todo tipo de material en soporte escrito, audiovisual ou informático, de carácter especializado, didáctico ou, simplemente, divulgativo.

- d) Solicitar ante calquera instancia e executar, no seu caso, a realización de calquera actividade, programa ou proxecto relacionado cos obxectivos da Asociación.
- e) Proxectar, preparar e executar cantas accións ou actividades sexan necesarias para acadar unha axeitada formación e posta ao día permanente de todos os colectivos vinculados ao desenvolvemento, especialmente dos membros da Asociación.
- f) Promover o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo, así como a busca de liñas de actuación conxunta con entidades análogas, nacionais ou internacionais.
- g) Levar a cabo as campañas de difusión e publicidade que se estimen necesarias.
- h) Recoller, tratar, difundir e intercambiar documentación e información relativa ao desenvolvemento rural a través dos medios adecuados.
- i) Implicarse na xestión de programas de desenvolvemento do seu territorio.
- j) Promover directamente actuacións e proxectos que incidan no desenvolvemento do territorio de actuación.
- k) Calquera outra actividade que poida resultar necesaria ou consecuente coas anteriores.

TÍTULO IV. ASOCIADOS

Artigo 6. Composición

1.- A Asociación de desenvolvemento da “Comarca de A Mariña” estará integrada por un conxunto equilibrado e representativo dos interlocutores dos diferentes sectores socioeconómicos, tanto públicos como privados, con arraigo no ámbito de actuación da asociación, debendo ter tamén un carácter equilibrado e representativo no plano territorial. Non poderán formar parte da asociación as persoas físicas e as sociedades mercantís, excepto as seguintes entidades de economía social: cooperativas, sociedades agrarias de transformación, sociedades laborais e os Centros especiais de emprego sen ánimo de lucro. Rexerá o principio de portas abertas, de xeito que se garanta permanentemente a incorporación de asociados.

2.- A efectos de adopción de decisións, o sector privado, constituído polos axentes económicos e sociais así como por outros representantes da sociedade civil, deberá representar máis do 51% dos votos en todos os órganos de decisión.

Artigo 7. Adquisición da condición de asociado

1.- Para que unha entidade teña a condición de asociado deberá figurar na lista de fundadores ou ben, unha vez constituída a asociación, solicitar o ingreso mediante un escrito dirixido ao Presidente, no que manifeste a vontade expresa de adherirse á Asociación e de comprometerse coa consecución dos fins estatutarios. Debe xuntarse, ademais, un acordo do órgano competente da entidade que exprese a vontade de ser asociado e a persoa, titular e suplente, que a representará na Asociación.

2.- Cando un candidato a ser asociado non teña o seu domicilio social no ámbito de actuación desta asociación deberá demostrar que desenvolve unha actividade relevante e consolidada no tempo en dito ámbito territorial.

3.- Cando unha entidade solicite a entrada na asociación deberá acreditar un ano de actividade no ámbito territorial da asociación.

4.-O Presidente trasladará a solicitude á Xunta Directiva, que deberá resolver nun prazo non superior a dous meses dende a data de presentación, adscribindo o solicitante a unha das mesas sectoriais segundo o seu interese preferente. Contra o acordo denegatorio da admisión o solicitante poderá recorrer ante a primeira Asemblea Xeral que teña lugar, debendo figurar este asunto expresamente na orde do día correspondente.

5.- Non adquiren a condición de asociado, tanto os fundadores como os membros que se incorporen con posterioridade, mentres non se satisfagan a cota de entrada establecida e as débedas pendentes coa Asociación.

Artigo 8. Perda da condición de asociado

A baixa da Asociación por calquera motivo non exime ao asociado de satisfacer as obrigas e compromisos de calquera natureza que tivera pendentes.

Perderase a condición de socio:

- a) Por decisión voluntaria do asociado, comunicada por escrito ao Presidente.
- b) Por sanción imposta pola Xunta Directiva, de xeito motivado e con audiencia do interesado, por incumprimento grave ou reiterado das obrigas inherentes á condición de asociado. O acordo de expulsión notificarase por escrito e contra el caberá recurso ante a primeira Asemblea Xeral que se realice.
- c) Por extinción da persoa xurídica representada na Asociación.

Artigo 9. Dereitos dos asociados

Os socios teñen os seguintes dereitos:

- a) Elixir e ser elixidos para formar parte da Xunta Directiva e doutros órganos que se poidan crear.
- b) Participar con voz e con voto na Asemblea Xeral.
- c) Obter información sobre calquera aspecto da marcha da Asociación que lle poda resultar de interese.

- d) Os demais que resulten das normas legais e dos estatutos da Asociación, ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.
- e) Participar nas actividades da Asociación.
- f) Ser oídos con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra eles e ser informados dos feitos que dean lugar a tales medidas.
- g) Impugnar os acordos dos órganos da Asociación que estimen contrarios á lei ou aos estatutos.

Artigo 10. Obrigas dos asociados

Son obrigas dos socios:

- a) Satisfacer a cota de entrada que será de 20 euros e a de mantemento que será de 15 euros anuais.
- b) Asistir ás asembleas xerais e acatar os estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos sociais.
- c) Ocupar os cargos para os que resulten elixidos e desempeñar fielmente as obrigas inherentes a ditos cargos.
- d) Participar e realizar cantas tarefas lles sexan encomendadas pola Asemblea Xeral, a Xunta Directiva, as Mesas Sectoriais das que formen parte ou outros órganos que se creen.
- e) Ausentarse nos debates e votacións sobre asuntos nos que teñan interese directo por motivos de titularidade, económicos, ou societarios, de parentesco ate o terceiro grao de consanguinidade, afinidade ou adopción, ou de amizade íntima ou inimidade manifesta.
- f) Fomentar os obxectivos que promove a Asociación.
- g) Cumprir os demais deberes que resulten dos preceptos legais e estatutarios ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.

TÍTULO V. ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11. Órganos da Asociación

Os órganos colexiados da Asociación son, como mínimo, a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva e as Mesas Sectoriais. Os órganos unipersoais son, como mínimo, o presidente, o vicepresidente, o secretario e o tesoureiro. Os titulares destes órganos son elixidos pola Xunta Directiva de entre os seus membros, por un período de dous anos e poden ser reelixidos ata un máximo de oito anos consecutivos.

Artigo 12. Asemblea Xeral: composición e funcións

1.- A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación, e estará integrada por todos os asociados.

2.- A Asemblea Xeral é o órgano competente sobre os seguintes asuntos:

- a) Aprobación das contas do exercicio anterior e o orzamento do exercicio seguinte.
- b) Aprobación da memoria de actividades e das actividades a realizar.
- c) Solicitude de declaración de utilidade pública.
- d) Establecemento do número, composición e representatividade dos órganos da asociación que se creen.
- e) Nomeamento dos membros da Xunta Directiva e cesamento anticipado de calquera deles.
- f) Decidir sobre cantas cuestións afecten á boa marcha da entidade que sexan sometidas á súa consideración pola Xunta Directiva ou polos asociados como rogo ou pregunta
- g) Constitución de federacións ou integración nelas
- h) Acordar a contía das cotas de ingreso e periódicas e a súa forma de pagamento. A Asemblea poderá acordar establecer importes diferentes para asociados públicos e privados. A Contía da cota de ingreso será igual á achega fundacional, podendo a Asemblea establecer unha actualización anual non superior ó IPC
- i) Aprobación do regulamento de réxime interior
- j) Aprobación e modificación dos estatutos sociais
- k) Disolución da Asociación
- l) Disposición ou alleamento de bens
- m) Os cargos da Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser indemnizados polos gastos que lles ocasione o cumprimento das súas funcións, previa aprobación dos mesmos e xustificación documental.

Artigo 13 Asemblea Xeral: convocatorias.

1.- A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario cando menos unha vez ao ano para aprobar, como mínimo, as contas e os orzamentos. A convocatoria realizaraa o presidente con dez días de antelación, polo menos, á data da reunión, achegando a orde do día coa convocatoria.

2.- A Asemblea Xeral reunirse con carácter extraordinario mediante convocatoria do Presidente, por propia iniciativa, por acordo da Xunta Directiva ou cando o solicite un número de asociados non inferior ao 10%. A petición dos asociados realizarase mediante escrito dirixido ao Presidente, autorizado coa sinatura dos peticionarios, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día. Cando non se convoque transcorridos dez días dende o da petición, os peticionarios poderán facer a convocatoria. A Asemblea Xeral así convocada poderá desenvolverse elixindo ao inicio dela un presidente e un secretario.

3.- As Asembleas Xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando a elas concorran, presentes ou representados, a maioría dos asociados e, en segunda

convocatoria, pasada media hora dende a fixada para a reunión en primeira convocatoria, calquera que sexa o número de asociados concorrentes. En todos os casos deberá cumprirse que os votos do sector privado representen mínimo do 51% dos votos totais.

4.- De cada unha das reunións realizadas levantarase a correspondente acta, que certificará o secretario co visto e prace do presidente.

Artigo 14. Asemblea Xeral: adopción de acordos

1.- Cada asociado terá dereito a un voto.

2.- Os acordos sobre os asuntos sinalados nas letras a) a h) do apartado 2 do artigo 12 aprobaranse por maioría simple dos socios presentes ou representados. Cada entidade poderá levar un máximo de 3 votos delegados.

Non obstante, requirirase maioría dos dous tercios dos socios presentes ou representados para decidir sobre os asuntos sinalados nas letras i) a m) do apartado 2 do artigo 12.

Artigo 15. Xunta Directiva: composición

1.- A Xunta Directiva é o órgano con facultades xestoras, executivas e de representación da Asociación.

2.- A Xunta Directiva da Asociación estará formada polos representantes dos asociados elixidos pola Asemblea Xeral, en función da pertenza destes a cada mesa sectorial, de acordo coa representatividade que a Asemblea Xeral lle outorgue a cada unha delas. Constará dun máximo de 20 membros. En todo caso, na Xunta Directiva deberán estar representadas, cando menos, as asociacións de mulleres, as asociacións de mozos, as organizacións profesionais agrarias e as cooperativas agrarias que formen parte da Asociación. O número de representantes do sector privado sempre debe ser superior ó número de representantes do sector público.

3.- A metade dos membros renovarase cando transcorra un ano dende a constitución da Asociación e a partir de aí, cada ano renovarase a metade dos que leven dous anos elixidos.

4.- Os membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos por falecemento, por renuncia voluntaria, por transcurso do prazo do mandato, pola extinción ou baixa na Asociación da entidade á que representen, por perder a condición de representante da entidade á que representen ou por acordo da Asemblea Xeral. O cesamento conlevará, en todo caso, a obriga de poñer ao día ao sucesor e, eventualmente, de entregarlle a documentación pertinente.

5.- As vacantes que se produzan na xunta directiva cubriranse cos representantes dos asociados que elixa a asemblea xeral segundo a mesa sectorial e o sector público ou privado ao que pertenza a vacante.

Artigo 16. Xunta Directiva: funcións

A Xunta Directiva é o órgano competente para:

- a) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- b) Acordar e executar as accións de goberno e administración da Asociación.
- c) Propoñer ou conceder axudas no marco de programas ou proxectos que xestione a Asociación.
- d) Adoptar as medidas precisas para o cumprimento dos fins estatutarios e, en xeral, para a boa marcha da Asociación.
- e) Elaborar o informe económico anual, o orzamento, a memoria e o plano de actividades para a súa presentación na Asemblea Xeral.
- f) Interpretar os preceptos contidos nos estatutos e no regulamento de réxime interno, de habelo.
- g) Organizar e coordinar as actividades e distribuír os traballos e responsabilidades entre os asociados.
- h) Elaborar o regulamento de réxime interior.
- i) A admisión e separación de socios.
- j) Cantas deriven da lexislación ou estatutos e, en xeral, cantas facultades non estean reservadas por aquelas ou por estes a outros órganos sociais, así como as delegadas pola Asemblea Xeral.
- k) Acordar as convocatorias das Asembleas Xerais extraordinarias.

Artigo 17. Xunta Directiva: convocatoria e adopción de acordos

1.- A Xunta Directiva reunirse en calquera momento mediante convocatoria do Presidente, por propia iniciativa ou a instancia motivada de calquera dos seus membros, que indicarán os asuntos a tratar na orde do día.

2.- Entenderase validamente constituída en primeira convocatoria cando a ela concorran a maioría dos membros ou, en segunda convocatoria, pasada media hora dende a fixada para a reunión en primeira convocatoria, cando a ela concorran, polo menos 2/5 dos seus membros. En todos os casos os membros do sector privado deberán representar mínimo do 51% dos votos totais. Poderán asistir ás sesións da Xunta Directiva, con voz pero sen voto, persoas ou entidades alleas á Xunta Directiva cuxo asesoramento sexa de interese para a adopción de acordos.

3.- Os membros da xunta directiva, en caso de ausencia, poderán delegar, por escrito, noutros membros do sector público ou privado, segundo o sector ao que pertenza o ausente. Cada entidade poderá levar un máximo de 3 votos delegados.

4.- No proceso de toma de decisións, cada membro da xunta directiva ostenta un voto.

5.- Os acordos aprobaranse por maioría simple.

Artigo 18. Presidente

O Presidente ostenta a representación legal da Asociación, tanto en xuízo coma fóra del, e ten voto de calidade en caso de empate nas votacións. Terá como funcións:

- a) Dirixir, ordenar e arbitrar os debates da Asemblea Xeral, da Xunta Directiva, así como convocar as súas reunións, presidilas e fixar o orde do día.
- b) Ordenar os gastos e pagamentos da entidade, asinando xunto co Tesoureiro.
- c) Autorizar coa súa sinatura os escritos e comunicacións necesarios para o funcionamento da Asociación, así como visar os documentos autorizados polo secretario, especialmente se teñen o carácter de certificacións.
- d) Asumir e realizar tantas encomendas como lle sexan encargadas por acordo da Xunta Directiva ou da Asemblea Xeral.
- e) Visar as actas das reunións e vixiar a execución dos acordos adoptados.
- f) Todas aquelas funcións que lle sexan atribuídas no Regulamento de Réxime Interno.
- g) Subscribir contratos a nome da Asociación, outorgar poderes a terceiros, interpoñer reclamacións en vía administrativa e ante a xurisdicción ordinaria e as especiais, aceptar donativos, legados e herdanzas a beneficio de inventario, exercer accións e opoñer excepcións.
- h) Coordinar todas as actividades que constitúen o obxecto da Asociación.
- i) Exercer a xefatura do cadro de persoal da entidade.

Artigo 19. Vicepresidente

O Vicepresidente, en ausencia do Presidente, exercerá todas as funcións e atribucións encomendadas a este.

Artigo 20. Secretario

Ao Secretario correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Actuar exercendo como tal en todas as reunións.
- b) Custodiar os Libros de Actas e documentación da Asociación, excepto os Libros de Contabilidade.
- c) Dirixir, organizar e coordinar o desenvolvemento das actividades administrativas da entidade.
- d) Redactar e anotar nos libros correspondentes as actas das reunións da Asemblea Xeral, da Xunta Directiva e da Comisión Permanente, si existe, así como expedir certificacións dos mesmos co visto e praxe do Presidente.
- e) Levar a correspondencia ordinaria, o rexistro e o ficheiro, así como custodiar os selos.
- f) Executar os acordos estatutariamente adoptados, baixo a supervisión do Presidente,
- g) Redactar a memoria anual da Asociación.
- h) Todas aquelas que lle sexan atribuídas no Regulamento de Réxime Interno.

Artigo 21. Tesoureiro

Ao Tesoureiro correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Recadar os fondos para a Asociación e custodialos.
- b) Efectuar os pagamentos acordados polo Presidente.
- c) Dirixir e ordenar a contabilidade, así como velar pola orde económica da Asociación.
- d) Elaborar o orzamento anual de ingresos e gastos, así como os balances.
- e) Levar os Libros de Contabilidade e o inventario de bens.
- f) Todas aquelas que lle sexan atribuídas no Regulamento de Réxime Interno.

Artigo 22. Mesas Sectoriais

1.- Os asociados integrados na Asemblea Xeral organizaranse en 8 mesas sectoriais, organizadas en torno aos seguintes ámbitos ou similares:

- 1) Mesa sectorial dos sectores agrario e gandeiro.
- 2) Mesa sectorial do sector forestal: Aproveitamento do soutobosque e biomas.
- 3) Mesa sectorial de Asociacións de Mulleres.
- 4) Mesa sectorial de Asuntos Sociais
- 5) Mesa sectorial de Asociacións Xuvenís
- 6) Mesa sectorial de Asociacións Deportivas, Recreativas, de Veciños e Culturais.
- 7) Mesa sectorial de Asociacións de empresarios multisectoriais e sectores vinculados a entidades non contempladas noutras mesas
- 8) Mesa sectorial Institucional.

2.- As mesas sectoriais teñen como finalidade servir tanto de canle participativa na Asociación dos actores implicados no desenvolvemento do territorio como de canle informativa das actividades da Asociación. Nas mesas sectoriais porase en común a problemática do sector ao que representen e as actuacións de mellora, proxectos, iniciativas... que o sector poida concebir, para elevar propostas a Asemblea Xeral.

4.- A Asemblea Xeral poderá variar as mesas sectoriais segundo as novas demandas ou sectores que xurdan no territorio e decidirá o número de representantes que lle corresponderá a cada mesa sectorial na Xunta Directiva. Os representantes das mesas na Xunta Directiva serán elixidos pola Asemblea Xeral por proposta de cada mesa.

TÍTULO VI. RÉXIME ECONÓMICO E PATRIMONIAL

Artigo 23. Réxime económico e patrimonial

1.- No momento da súa constitución, a Asociación carece de patrimonio fundacional.

2.- O patrimonio estará constituído polos ingresos provintes de:

- a) Achegas económicas dos asociados.
- b) Doazóns, subvencións, legados e herdanzas.
- c) Resultados económicos que se podan producir polas actividades organizadas pola entidade.
- d) Outros ingresos calquera permitidos pola lexislación vixente.

O exercicio económico pecharase o 31 de decembro de cada ano.

TÍTULO VII. DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 24. Disolución

1.- A Asociación establécese por tempo indefinido e poderá disolverse, no seu caso,

- a) por sentenza xudicial
- b) por acordo tomado en Asemblea Xeral convocada ao efecto
- c) por carecer de recursos económicos para cubrir os gastos máis elementais
- d) por ter realizado o fin para o que se constituíu
- e) polas demais causas que determina a lei

Unha vez disolta a Asociación procederase á súa liquidación.

2.- Se non se acordase outra cousa na Asemblea Xeral, actuarán como liquidadores tres dos membros da Xunta Directiva, nomeados por esta para esa función.

3.- A comisión liquidadora farase cargo do patrimonio existente e satisfará as obrigas pendentes, se as houbera. O remanente, no caso de que exista, será entregado a calquera entidade legalmente constituída que se dedique a idénticos fins ou, no seu defecto, análogos aos desta Asociación.

Disposición Adicional

En tanto non se desenvolva a estrutura participativa das mesas sectoriais que aparece prevista nos estatutos, a Xunta Directiva elixida na asemblea constituínte terá a maior representatividade posible, tanto territorial como sectorialmente e terá carácter provisorio, co cometido de poñer en marcha a Asociación e os seus órganos.

A SECRETARIA


O PRESIDENTE

Azucena González Loreda
DNI: 77,593.208-V

Anxo Martínez Pérez
DNI: 76,565.334-J

Grupo de Desenvolvimento Rural 1

Asociación de Desenvolvimento da Comarca de A Mariña



Táboa de contidos

I.	Identificación do Grupo de Desenvolvemento Rural	3
1.	Datos identificativos.....	3
2.	Personalidade xurídica e composición	3
2.1.	Copia compulsada da acta constituínte	3
2.2.	Copia compulsada dos Estatutos.....	3
2.3.	Inscripción do Rexistro de Asociacións dependente da Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	3
2.4.	Relación de asociados	3
2.5.	Composición actual do órgano decisorio	3
2.6.	Informe sobre o grao de participación social da elaboración do programa	3
2.7.	Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias referidas no artigo 10 da Lei 9/2007	3
3.	Descrición dos medios técnicos e humanos previstos para a xestión do programa	4
3.1.	Persoal adscrito á xestión do programa: organigrama; procedemento de contratación do equipo xestor.....	4
3.2.	Medios técnicos: local, medios informáticos	4
II.	Programa de desenvolvemento.....	5
1.	Análise e diagnóstico.....	5
1.1.	Delimitación territorial e medio natural.....	5
1.2.	Análise sociodemográfica	10
1.3.	Mercado de traballo	26
1.4.	Análise sectorial	28
2.	Determinación de estrangulamentos e potencialidades	29
3.	Obxectivos.....	33
4.	Liñas de actuación	33
5.	Indicadores.....	35
6.	Complementariedade con outros fondos	35
III.	Plan de cooperación	36
IV.	Normas para a xestión do programa	37
V.	Plan financeiro	53

I. Identificación do Grupo de Desenvolvemento Rural

1. Datos identificativos

Véxase o Anexo IA.

2. Personalidade xurídica e composición

Véxase a documentación administrativa adxunta.

2.1. Copia compulsada da acta constituínte

Véxase a documentación administrativa adxunta.

2.2. Copia compulsada dos Estatutos

Véxase a documentación administrativa adxunta.

2.3. Inscripción do Rexistro de Asociacións dependente da Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Véxase a documentación administrativa adxunta.

2.4. Relación de asociados

Véxanse os Anexos IB e IC.

2.5. Composición actual do órgano decisorio

Véxase o Anexo ID.

2.6. Informe sobre o grao de participación social da elaboración do programa

Véxase o Anexo IF

2.7. Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias referidas no artigo 10 da Lei 9/2007

Véxase o Anexo IG.

3. Descrición dos medios técnicos e humanos previstos para a xestión do programa

3.1. Persoal adscrito á xestión do programa: organigrama; procedemento de contratación do equipo xestor

O persoal adscrito á xestión do programa será o seguinte:

- Xerente ou máximo responsable do programa.
- Técnico.
- Administrativo.

O procedemento de contratación virá definido no convenio de colaboración que ten que asinar o GDR con Agader, e en todo caso deberá axustarse aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria. O procedemento selectivo contará entre outros: cunha proba escrita sobre cuestións relacionadas co desenvolvemento rural, unha entrevista, cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo, e a valoración da experiencia en materia de desenvolvemento rural, cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo.

3.2. Medios técnicos: local, medios informáticos

A sede principal do GDR1 localizarase nos actuais locais do Centro de Desenvolvemento Comarcal da Mariña Central en Mondoñedo, na Rúa Julia Pardo, nº 13.

Para facilitar o achegamento á poboación e a presenza do equipo xestor en todo o territorio, prevese o desprazamento dun ou mais membros do equipo polo menos dous días á semana ás subsedes que se establecerán nas localidades de Ribadeo e Viveiro. Aproveitarase na medida do posible os locais da Fundacións Comarcais.

Os medios informáticos serán os necesarios para cubrir as necesidades do persoal xestor descrito no apartado anterior.

II. Programa de desenvolvemento

1. Análise e diagnóstico

1.1. Delimitación territorial e medio natural

1.1.1. Situación xeográfica




Ilustración 1: Fonte: www.agader.xunta.es

A Zona correspondente ao Grupo de Desenvolvemento Rural 1 comprende os seguintes Concellos, limitando ao Norte co Mar Cantábrico, ao Sur coa zona correspondente aos GDR2 e 3, ao Leste coa Comunidade Autónoma de Asturias e ao Oeste coa provincia de A Coruña:

- | | |
|-------------|-------------|
| - Alfoz | - Valadouro |
| - Barreiros | - Vicedo |
| - Burela | - Ourol |
| - Cervo | - Ribadeo |
| - Foz | - Trabada |
| - Lourenzá | - Viveiro |
| - Mondoñedo | - Xove |

Cun total de 1.260 km² e 72.265 habitantes, a Zona 1 é un espazo de complexas relacións naturais e sociais, cunha elevada diversidade interna, enlazada con fluxos físicos, humanos e económicos que conforman o seu atractivo turístico. Debido á dualidade da zona, a costa e o interior, danse grandes diferenzas dende o punto de vista económico e social.

A costa mixta conserva rías e tramos con espectaculares acantilados e enseadas, e conecta coas serras litorais mediante vales que permitiron o desenvolvemento de actividades agropecuarias, además de ter unha enorme riqueza natural, máis ou menos transformada.

As serras litorais presentan modelados e paisaxes con vales de orixe glaciar e extensas turbeiras derivadas doutras épocas.

1.1.2. Análise do medio natural

De forma xeral o medio físico galego caracterízase por ter importantes debilidades que limitan o seu potencial agrario. A gran diversidade paisaxística, a enorme presenza de auga, a riqueza animal e vexetal, contrasta coa situación periférica e a difícil accesibilidade por terra, así como co déficit estrutural en toda a rede de saneamento e depuración de augas, que incumpre en gran medida a normativa comunitaria relativa a augas residuais.

Na contorna global de Galicia experimentouse unha progresiva modernización e achegamento á estrutura produtiva da UE na última década. O uso do chan (*Libro Branco da Agricultura e o Desenvolvemento Rural*) para a actividade forestal representa en Galicia o 58%, seguido do agrogandeiro cun 39%; estas proporcións son moi parecidas na provincia de Lugo, sendo o forestal dun 55% e o agrogandeiro un 43,67%.

Os principais riscos ambientais aos que está sometida Galicia asóciase principalmente ao desbordamento de canles, riscos de verteduras, contaminación atmosférica e incendios forestais. Por iso faise necesario potenciar estruturas de protección e ordenación a través de plans de preservación e ordenación territorial. Así mesmo é necesario actuar fronte

ao despoboamento rural que afecta negativamente á conservación da paisaxe.

No ámbito enerxético é importante adecuarse á política da UE, que concede un amplo protagonismo ao uso sostible das enerxías, e máis tendo en conta que Galicia conta cunha situación privilexiada para a produción de enerxía renovable.

A Zona 1 dos GDR ten una gran importancia natural dado que comprende áreas de montaña, vales con espazos ben coservados e amplas zonas de costa cunha riqueza bilóxica, paisaxística e xeomorfolóxica extraordinarias.

Ribadeo é o Concello que máis figuras de protección posúe debido á presenza de Ría na desembocadura do Eo, paraxe natural de gran interese ecolóxico. É importante a presenza de ata un centenar de especies de aves entre sedentarias e migratorias.

Entre as súas praias destacan as de "As Catedrais", con espectaculares formacións rochosas e "Os Castros", entre outras.

Outro punto de interese é O monte de Santa Cruz, cun área recreativa e un miradoiro situados a uns 180 m de altura sobre a ría, e que gran parte repoboouse con árbores autóctonas.

O veciño Concello de **Barreiros** conta con oito quilómetros de belas praias, situadas entre a desembocadura do río Masma ata a praia das Catedrais. Cara ao interior a topografía vólvese máis accidentada pola aproximación das estribacións das serras que pechan polo Norte a meseta lucense.

No interior, dentro do termo municipal de **Lourenzá** e debido a climatoloxía e a xeografía este municipio caracterízase por dous tipos de solos: solos de val considerados ata os 100 metros e solos de monte mais ácidos. En canto a vexetación predominan especies coma o pino e o eucalipto.

O relevo do Concello de **Trabada** é moi accidentado debido ás serras coma a de Cadeira situada cara ó Oeste. A nivel paisaxístico existen lugares de gran beleza tanto nos ámbitos fluviais (ríos Trabada, Vilapena...) coma nos bosques cuxas fragas naturais conforman paraxes espectaculares.

De gran beleza paisaxística é a ría de **Foz**, que xunto a enseada de Vilaxoáne son os accidentes máis notables do litoral. Na vexetación existe o bosque mixto de carballos e bidueiros, os ameneiros e especies de repoboación (eucalipto e piñeiro).

No Concello de **Alfoz** existe unha zona montañosa constituída polas serras de Toxiza e O Xistral, e un val con terras fértiles e abundantes precipitacións e, entre ambas, a zona de transición ata o tramo medio do Río Ouro. O clima suave favorece a vexetación onde predominan o pino e o eucalipto.

O Concello de **Burela** ten un tipo de costa lineal chea de praias formadas aos pés dos cantís e areais, e separados a miúdo por farallóns.

O terreo é fértil e pizarroso, atravesado por varios arroios de pequeno caudal e curso perenne. As especies vexetais máis comúns son toxeias, salgueiros, piñeirais, eucaliptos e xunqueiras marítimas. A fauna está constituída por corzos, xabaril, esquíos, martas, gaivotas, corvos mariños e abundantes crustáceos e moluscos.

Na zona costeira do Concello de **Cervo** ábrense numerosas praias e calas de gran beleza natural (con abundancia de aves acuáticas, especialmente durante a época invernal e nos desprazamentos migratorios); a zona interior está formada polas estribaciones da Serra do Xistral. A drósera e a cuscuta son as especies florais máis destacadas.

O municipio de **Mondoñedo** presenta un relevo bastante accidentado, cunha paisaxe vexetal primaria que sufriu unha intensa degradación debido a deforestación e a repoboación a base de pinos e eucaliptos. Dase a landa oceánica sobre solos empobrecidos, que aparecen intercalados con áreas de cultivo e bosques caducifolios.

O Concello de **O Valadouro** ten por principal característica xeográfica o val que forma o río Ouro. Arredor deste val están as serras de Buio, Xistral e Cadramón. Destacan as repoboacións de pinos e sobre todo de eucaliptos, apesares de que aínda existen zonas onde pervive a vexetación autóctona.

No Municipio de **Ourol** tamén a vexetación caracterízase por especies de repoboación rápida (pino e eucalipto) que desprazaron a especies forestais autóctonas. Conta con numerosos ríos, arroios e mananciais organizados entorno as cuncas fluviais do Sor e do Landro.

Este último río atravesa o Concello de **Viveiro**. En Landrove e debido ó réxime de mareas, a partir da parroquia de Galdo o Landro describe un pronunciado meandro formando á súa vez unha serie de zonas pantanosas. No seu tramo final aparece a Ría de Viveiro cuxo estuario comeza a formarse en Portochao. Éste prolóngase ata a desembocadura ao longo de tres quilómetros formando unha ampla e rica chaira. A fauna é a típica da zoa cantábrica: aves rapaces xunto coa colonia de aves acuáticas, sendo notable a abundancia de gaivotas. Anfibios e réptiles: píntegas, lagartas, cobras, ras... e mamíferos (ademais das vacas, ovellas e cabalos que pastan en liberdade poboando os montes do interior), e depredadores como o lobo, raposo, corzo e xabaril.

Polo Concello de **O Vicedo** discorre o río Sor (o cal forma a Ría do Barqueiro, areas como as do Vicedo ou San Román), que actúa de límite interprovincial separando O Vicedo de A Coruña. Ademais do Val do Sor, os illotes costeiros como o da Illa Coelleira funcionan como refuxio e lugar de cría para numerosas aves mariñas.

A paisaxe costeira do Concello de **Xove** é o seu maior atractivo, cun relevo bastante accidentado intercalando praias e acantilados. A flora e a fauna é moi rica e variada porque conflúen as da franxa costeira e as da zona interior. Con respecto á vexetación combínanse os espazos cultivados coas

grandes áreas de repoboacións forestais de eucalipto que substituíron ao bosque autóctono.

Desde os arcos da costa de Ribadeo ou as covas do Rei Cintolo, pasando polos esteiros e marismas nas rías de Foz, Ribadeo, Viveiro, etc., ou bosques de ribeira e fragas nos vales fluviais, parasando polas únicas turbeiras que se dan nos vales e cumios do Xistral, viven importantes comunidades animais e vexetais nunha combinación de espazos de interese natural recoñecido:



Ilustración 2. Espazos protexidos Zona 1. Elaboración propia e mapa de Fonte: Consellería de Medioambiente e Desenvolvemento Sostible.

Río Eo, Ocos e Terras de Buron: nesta zona 1 abarca os Concellos de Ribadeo e Trabada. Reserva da Biosfera.

Río Eo, A Marronda, As Catedrais, Carballido, Negueira, Ría do Eo - Lugar de Importancia Comunitaria (LIC), Rede Natura 2000

Ribadeo, Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA), Rede Natura 2000

Praia das Catedrais: Monumento Natural

Ría do Eo: Humedal de importancia internacional RAMSAR e Humedal Protexido.

Río Eo e As Catedrais: Zona de Especial Protección dos Valores Naturais.

Terras do Miño: na Zona 1 abarca os Concellos de Alfoz, Mondoñedo, Ourense e O Valadouro. Reserva da Biosfera.

Ría de Foz-Masma: Lugar de Importancia Comunitaria (LIC), Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA), Rede Natura 2000.

Río Ouro, Monte Maior e Serra do Xistral: Zona de Especial Protección dos Valores Naturais.

Serra do Xistral: Lugar de Importancia Comunitaria (LIC)

Souto da Retorta: Monumento Natural.

Río Landro: Lugar de importancia comunitaria (LIC), Rede Natura 2000, Zona de Especial Protección dos Valores Naturais.

Costa Mariña Occidental: Zona de Especial Protección dos Valores Naturais. Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA), Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) Rede Natura 2000.

Outros espazos, aínda que non protexidos, merecen ser sinalados: a Cova do Rei Cintolo (Mondoñedo), a área xeolóxica de Castrelo (Burela), a área granítica de monte Castelo (Viveiro-Ourol), o erbedal da Rúa (Sargadelos), o Pozo da Ferida (Viveiro-Xove), o da Onza (Valadouro), e outros.

Algunhas das rutas sinaladas que se poden facer para disfrutar da zona son "Paisaxes da Mariña", "Pardo de Cela", "Ruta do Ferro", "Camiño Norte de Santiago".

1.2. Análise sociodemográfica

1.2.1. Volume e distribución espacial da poboación

Nos catorce concellos da zona de estudo atópanse situacións poboacionais diferenciadas, sendo Viveiro o máis poboado e Ourol o menos. Na seguinte táboa móstrase a distribución da **densidade da poboación** por concellos, destacando Viveiro, Foz, Ribadeo e Burela.

	POBOACIÓN (nº hab.)	SUPERFICIE (Km ²)	DENSIDADE (hab./Km ²)
ALFOZ	2.159	77,50	27,86
BARREIROS	3.246	72,42	44,82
BURELA	8.873	7,94	1.117,51
CERVO	4.776	77,85	61,35
FOZ	9.841	100,29	98,13
LOURENZÁ	2.620	62,64	41,83
MONDOÑEDO	4.701	142,65	32,95
OUROL	1.273	142,07	8,96
RIBADEO	9.704	108,94	89,08
TRABADA	1.451	82,71	17,54
O VALADOURO	2.227	110,45	20,16
O VICEDO	2.086	75,97	27,46
VIVEIRO	15.706	109,39	143,58
XOVE	3.602	89,19	40,39
TOTAL	72.265	1.260,01	1.771,61

Ilustración 3. Densidade de poboación por concellos. Ano 2007. Elaboración propia. Fonte IGE.

A articulación do territorio vén marcada pola inexistencia dun núcleo dominante, quedando repartida en varias vilas con especializacións económicas diferenciadas.

Destacan as seguintes vías de comunicación: a estrada N-634 Santiago-Irún e os tramos construídos da A-8 Autovía do Cantábrico, que enlazan Galicia co resto do continente pola costa cantábrica; a N-640 Lugo-Castropol, que une a capital provincial co leste da bisbarra; a comarcal-nacional 642 "da costa" de Ferrol e Barreiros; e o ferrocarril costeiro de vía estreita Ferrol-Bilbao, con 25 estacións e apeaderos nesta zona. O Transcantábrico de Feve é un produto turístico que permite coñecer o litoral á vez que dinamiza o turismo do núcleos onde para. Dos principais portos, os portos de Burela e Celeiro teñen actividade comercial crecente sendo o porto de San Cibrao (de uso exclusivo da empresa Alcoa) o de maior tráfico.





Ilustración 4. Rede viaria Zona 1. Fonte: Vía Michelin.

No mapa seguinte pódese observar que a poboación está bastante espallada polas parroquias, contando a maioría delas con menos de 500 habitantes. Deste xeito pode desprenderse que a poboación nos núcleos illados non ten doado o acceso a determinados servizos preto do seu domicilio, estando obrigada a desprazarse varios quilómetros ata o núcleo urbán máis próximo.

**Ilustración 5.** Estrutura demográfica por parroquias. Ano 2007

Un indicador desta situación é considerar a distancia dos núcleos poboacionais das diferentes parroquias ata o núcleo que dispoña da maioría dos servizos, ou ben que conte con mais de 1.500 habitantes. O cadro seguinte amosa as distancias aproximadas que teñen que percorrer os habitantes das distintas parroquias de cada concello.

CONCELLOS	DISTANCIA (Km) DAS PARROQUIAS AO NÚCLEO MAIOR DE 1500 HAB. MAIS CERCANO
ALFOZ	14-27
BARREIROS	9-16
CERVO	8-13
FOZ	4-13
LOURENZÁ	9-13
MONDOÑEDO	1-15
OUROL	10-26
RIBADEO	2-15
TRABADA	14-24
O VALADOURO	15-33
O VICEDO	9-16
VIVEIRO	1-11
XOVE	10-20

Ilustración 6. Distancia (Km) das parroquias ao núcleo maior de 1500 habitantes mais cercano. Elaboración propia. Fonte: Guía Campsa.

1.2.2. Evolución da poboación

A dinámica poboacional deste territorio de forma xeral estivo sempre condicionada pola emigración dos xoves, o que suposo un envellecemento da poboación. Na actualidade, e fronte ó saldo negativo do conxunto (agravado nos municipios do interior), aumenta a poboación na costa e principalmente en Ribadeo, Foz e Burela.

A evolución da poboación por concellos reflíctese na seguinte táboa, onde se observa que no período 1996-2007, dos 14 concellos 10 sufriron unha **evolución demográfica negativa**. É de destacar que destes, 6 sitúanse na franxa interior da comarca (Alfoz, Mondoñedo, Lourenzá, O Valadouro, Ourol e Trabada).

Pola contra, os concellos situados na franxa costeira experimentan unha **evolución demográfica positiva** (agás os concellos de Cervo, O Vicedo e Barreiros).

	Ano 1996	Ano 1998	Ano 2000	Ano 2001	Ano 2002	Ano 2003	Ano 2004	Ano 2005	Ano 2006	Ano 2007
ALFOZ	2.553	2.506	2.462	2.421	2.398	2.348	2.312	2.266	2.216	2.159
BARREIROS	3.574	3.536	3.446	3.370	3.357	3.323	3.278	3.294	3.291	3.246
BURELA	7.925	7.915	8.045	8.105	8.176	8.380	8.348	8.621	8.755	8.873
CERVO	5.143	5.086	5.082	5.056	5.016	5.060	4.978	4.949	4.847	4.776
FOZ	9.516	9.520	9.558	9.659	9.612	9.591	9.619	9.664	9.754	9.841
LOURENZÁ	2.980	2.931	2.849	2.823	2.779	2.730	2.700	2.677	2.629	2.620
MONDOÑEDO	5.398	5.242	5.135	5.051	4.987	4.909	4.904	4.863	4.770	4.701
OUROL	1.663	1.638	1.577	1.536	1.465	1.407	1.365	1.324	1.301	1.273
RIBADEO	8.813	8.872	9.034	9.110	9.163	9.186	9.270	9.407	9.619	9.704
TRABADA	1.817	1.770	1.686	1.641	1.616	1.579	1.552	1.504	1.479	1.451
O VALADOURO	2.603	2.524	2.445	2.398	2.371	2.328	2.305	2.268	2.233	2.227
O VICEDO	2.564	2.460	2.392	2.341	2.303	2.228	2.181	2.146	2.090	2.086
VIVEIRO	15.209	15.298	15.456	15.455	15.444	15.379	15.389	15.505	15.576	15.706
XOVE	3.613	3.599	3.629	3.632	3.625	3.574	3.603	3.636	3.614	3.602
TOTAL	73.371	72.897	72.796	72.598	72.312	72.022	71.804	72.124	72.174	72.265

Ilustración 7. Habitantes por municipio e ano. Elaboración propia. Fonte IGE.

	% VARIACIÓN PERÍODO 1996-2007	% VARIACIÓN PERÍODO 2002-2007
ALFOZ	-15	-10
BARREIROS	-9	-3
BURELA	12	9
CERVO	-7	-5
FOZ	3	2
LOURENZÁ	-12	-6
MONDOÑEDO	-13	-6
OUROL	-23	-13
RIBADEO	10	6
TRABADA	-20	-10
O VALADOURO	-14	-6
O VICEDO	-19	-9
VIVEIRO	3	2
XOVE	-0,30	-0,63

Ilustración 8. Evolución da poboación por municipios. Elaboración propia. Fonte IGE.

Ata o ano 2004 e dun xeito xeral apréciase un descenso no volume total da poboación, pero a partires do 2005 increméntase levemente o número de habitantes da zona.

A variación da poboación por concellos pode verse representada no gráfico 1 do Anexo.

O **Índice de Envellecemento** (relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos) permite apreciar os cambios

interxeracionais derivados do proceso de envellecemento. Estes poñen de manifesto os cambios nas demandas sociais, sobre todo en materia de saúde.

	ANOS									
	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
ALFOZ	190,4	199,5	209,5	229,6	247,2	258,7	267,4	282,7	300,4	308,1
BARREIROS	183,0	202,3	216,6	237,5	257,9	271,9	294,8	286,6	307,3	316,0
BURELA	43,7	48,1	52,9	58,4	62,0	65,1	70,6	71,1	71,8	75,7
CERVO	63,7	70,9	77,7	88,4	96,9	105,1	114,6	119,2	132,2	139,8
FOZ	106,4	112,3	122,6	129,9	135,6	139,6	143,5	143,9	150,9	150,0
LOURENZÁ	185,5	197,5	213,8	228,6	233,8	239,7	247,1	270,3	286,9	276,6
MONDOÑEDO	215,5	231,3	254,1	277,8	296,0	310,2	303,8	304,6	302,8	309,5
OUROL	395,7	433,1	490,4	529,7	592,8	624,5	649,5	666,0	632,3	638,5
RIBADEO	136,2	141,1	149,8	157,7	164,1	170,0	168,6	168,8	166,4	163,4
TRABADA	190,9	203,8	231,5	255,5	280,4	286,2	286,9	306,3	319,9	309,8
O VALADOURO	191,1	204,9	217,6	237,7	252,4	263,2	279,2	280,4	293,8	334,9
O VICEDO	138,3	153,7	169,9	189,0	209,4	218,7	234,3	229,9	247,3	248,5
VIVEIRO	90,1	96,6	104,9	111,8	118,8	124,6	133,4	137,7	140,8	139,1
XOVE	94,7	106,9	119,9	128,4	138,8	154,3	155,8	157,0	170,2	180,1
LUGO	144,3	153,4	162,4	172,6	181,7	187,0	191,5	195,5	200,5	204,3
GALICIA	94,7	102,0	108,7	116,3	121,9	125,6	128,3	130,4	133,5	135,2

Ilustración 9. Índice de Envellecemento 1998-2007. Elaboración propia. Fonte IGE.

Como se pode ver claramente no gráfico 2 do Anexo, no período de 1998 a 2007, a poboación é cada vez mais vella; comparando os valores dos anos 2006 e 2007, nos concellos de Lourenzá, Ribadeo, Trabada, e Viveiro, descendeu un pouco e en Foz é practicamente igual.

Analizando a porcentaxe de poboación maior de 64 anos ($>64/\text{Total poboación} \times 100$), apréciase que é bastante elevada en tódolos concellos coa excepción de Burela, que se ve favorecida por dous factores: a inmigración e a natalidade. Así mesmo, comparando os valores da poboación maior de 64 anos de 1998 e 2007, aprecíase un incremento en tódolos concellos, coa excepción de Ribadeo, que non varía.

	PORCENTAXE DE POBOACIÓN > 64 ANOS	
	1998	2007
ALFOZ	30%	35%
BARREIROS	29%	31%
BURELA	11%	14%
CERVO	15%	18%
FOZ	21%	22%
LOURENZÁ	30%	31%
MONDOÑEDO	32%	34%
OUROL	39%	48%
RIBADEO	24%	24%
TRABADA	30%	33%
O VALADOURO	30%	33%
O VICEDO	25%	31%
VIVEIRO	19%	22%
XOVE	20%	24%
LUGO	26%	28%
GALICIA	19%	22%

Ilustración 10. Porcentaxe de Poboación maior de 64 anos. Elaboración propia.
Fonte IGE.

A evolución da poboación vese afectada por varios factores: saldo vexetativo (diferenza entre nacementos e defuncións) e saldos migratorios.

Durante o período 1996-2007 na comarca o número de defuncións en case tódolos concellos de estudo (destacando o concello de Burela, o cal nos anos 2006 e 2007 rexistra un saldo vexetativo positivo de 23 e 21 respectivamente) é case sempre superior ao número de nacementos, resultando así un **saldo vexetativo xeral da zona negativo**. Polo que, o saldo vexetativo negativo non é exclusivo dos concellos de interior (Ver gráfico 3 do Anexo).

	ANOS											
	1.996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
ALFOZ	-18	-28	-8	-29	-26	-15	-18	-21	-16	-24	-42	-28
BARREIROS	-35	-53	-62	-43	-61	-32	-30	-52	-29	-31	-50	-29
BURELA	-5	6	-18	-9	-12	4	5	-7	4	-7	23	21
CERVO	-25	-23	-3	-9	-37	-21	-20	-21	-23	-24	-17	-16
FOZ	-87	-106	-58	-67	-58	-78	-64	-54	-65	-48	-36	-47
LOURENZÁ	-42	-29	-40	-16	-29	-34	-32	-42	-36	-35	-23	-39
MONDOÑEDO	-79	-66	-69	-84	-82	-96	-92	-74	-68	-65	-52	-65
OUROL	-29	-28	-34	-22	-27	-34	-20	-27	-22	-10	-21	-20
RIBADEO	-61	-74	-64	-64	-61	-62	-49	-38	-49	-41	-36	-45
TRABADA	-30	-22	-19	-24	-19	-20	-17	-20	-26	-8	-29	-13
O VALADOURO	-41	-47	-39	-35	-32	-31	-38	-23	-32	-25	-30	-35
O VICEDO	-23	-29	-17	-18	-23	-10	-29	-20	-18	-27	-6	-13
VIVEIRO	-86	-89	-82	-91	-71	-95	-89	-82	-74	-64	-66	-41
XOVE	-25	-37	-22	-22	-6	-22	-17	-6	-13	-23	-41	-32
LUGO	-3030	-2928	-2858	-3178	-2944	-3039	-2999	-3020	-2760	-2766	-2830	-2663
GALICIA	10267	-9455	-9547	10509	-9440	-8939	-9026	-9382	-7919	-8286	-7997	-8129

Ilustración 11. Saldo vexetativo 1996-2007. Elaboración propia. Fonte IGE.

No período 1996-2006 apreciase un ascenso da tanto da **inmigración** como da **emigración**, sendo maior no conxunto a primeira.

Tanto nas comarcas do interior coma nas de costa a inmigración ascende nos últimos anos, aínda que o volume de inmigrantes que optan polas zonas de interior é bastante inferior aos de zonas costeiras. Os concellos mais afectados por este feito son Viveiro, Burela, Ribadeo e Foz.

A **emigración** vai en aumento durante o período 1996-2006, afectando a tódolos concellos da zona. Os municipios con maior volume de poboación tamén son os que teñen maior volume de emigración.

Comparando ambos datos no gráfico seguinte apréciase que o **saldo migratorio** (inmigración menos emigración) é positivo na zona de estudio dun xeito global; é negativo sobre todo nas zonas interiores (Ouro, Trabada, O Valadouro, Alfoz) agás Cervo e O Vicedo, que sendo municipios costeiros tamén presentan un saldo negativo.




Ilustración 12. Saldo migratorio 1996-2006. Elaboración propia. Fonte IGE.

Nos gráficos 4 do Anexo pode verse con detalle o saldo externo (migración de zonas de fora de Galicia) e o saldo interno (migración de zonas de Galicia) por concellos.

1.2.3. Estrutura demográfica

Estrutura demográfica por idades

Analizando a evolución da estrutura demográfica por idades nos gráficos seguintes, podemos comprobar que, tanto no ano 1998 como no ano 2007, o grupo de poboación predominante en toda a zona 1 é a comprendida entre 16 e 64 anos.

En todos os concellos a poboación de mais de 64 anos supera a poboación mais nova (de 0 a 15 anos), o que reflicte o alto índice de envellecemento da poboación. O único concello no cal o grupo de poboación de 0 a 15 anos é maior que o grupo maior de 64 anos é Burela no ano 1998. Este feito vese favorecido pola inmigración.




Ilustración 13. Poboación por idades 1998. Elaboración propia. Fonte IGE.




Ilustración 14. Poboación por idades 2007. Elaboración propia. Fonte IGE

Estrutura demográfica por sexos

Analizando a evolución por sexos nos distintos concellos, apreciase que tanto no ano 1998 como no 2007, a porcentaxe xeral de mulleres é superior ó de homes, agás no concellos de Cervo en 1998 (maior a porcentaxe masculina), e o de Xove, que no mesmo ano son iguais, así como en Burela en 2007.

Como analizouse no punto 1.2.1., o índice de envellecemento é bastante elevado en tódolos concellos, destacando o de Ourol.




Ilustración 15. Distribución da poboación por sexos e índice de envellecemento ano 1998. Elaboración propia. Fonte IGE.




Ilustración 16. Distribución da poboación por sexos e índice de envellecemento ano 2007. Elaboración propia. Fonte IGE.

1.2.4. Nivel de instrución

Analizando os datos do ano 2001 que aparecen no cadro seguinte, destacan con respecto a Lugo e Galicia, por ter unha elevada porcentaxe de poboación que non sabe ler nin escribir, os concellos de O Valadouro e OUIROL (son os que teñen tamén un maior índice de envellecemento); os que presentan maior volume de poboación con estudos universitarios son Burela e Ribadeo.

Estes datos están reflectidos no gráfico 5 do Anexo.

	Non sabe ler ou escribir	Menos de cinco anos de escolarización, sen bacharelato, ESO ou EXB	Bacharelato elemental, ESO ou EXB	Bacharelato superior, BUP, COU	FPI, FPII	Estudios universitarios
ALFOZ	2,6	63,6	19,1	7,9	3,3	3,4
BARREIROS	2,1	54,2	19,9	8,4	8,6	6,8
BURELA	1,3	35,3	24,6	14,7	13,1	10,9
CERVO	2,0	39,5	24,6	12,0	12,5	9,4
FOZ	1,8	44,5	23,4	11,0	9,8	9,5
LOURENZÁ	2,1	63,0	19,0	7,8	3,4	4,7
MONDOÑEDO	2,1	57,3	20,4	9,0	3,5	7,7
OUIROL	3,2	76,6	8,6	3,9	4,1	3,6
RIBADEO	1,2	43,6	25,2	10,9	8,8	10,3
TRABADA	1,2	61,1	20,9	5,1	4,5	7,2
O VALADOURO	4,3	54,7	22,0	9,5	4,8	4,8
O VICEDO	2,7	54,1	26,0	5,8	6,7	4,7
VIVEIRO	2,0	44,5	24,1	11,2	9,7	8,4
XOVE	2,7	51,2	25,2	11,2	6,1	3,6
LUGO	2,1	49,9	22,1	9,9	6,8	9,2
GALICIA	2,1	42,9	25,1	11,3	7,9	10,7

Ilustración 17. Nivel de instrución por concellos ano 2001. Elaboración propia. Fonte IGE.

1.2.5. Indicadores de calidade de vida

Para aproximarnos ao nivel de vida e benestar da poboación desta comarca, hai que ter en conta factores como os Indicadores Municipais de Renda dos Fogares e os equipamentos de uso público existentes, co fin de detectar as principais demandas ou necesidades da poboación.

INDICADOR MUNICIPAL DA RENDA DOS FOGARES. ANO 2002	
CONCELLOS	% IMRF
ALFOZ	86
BARREIROS	101
BURELA	101
CERVO	100
FOZ	104
LOURENZÁ	101
MONDOÑEDO	97
OUROL	89
RIBADEO	104
TRABADA	96
O VALADOURO	97
O VICEDO	89
VIVEIRO	100
XOVE	89

Ilustración 18. Indicador municipal da renda dos fogares 2002. Elaboración propia. Fonte IGE.

CONCELLOS	Centros Asistencia Social	Residencia de anciáns	Garderías infantís	Centros atención á infancia	Centro de menores	Centro de información ás mulleres	Información Xuvenil e de emprego
Alfoz	0	0	0	0	0	0	1
Barreiros	0	0	0	1	0	0	1
Burela	0	1	1	1	1	1	1
Cervo	0	0	0	1	0	0	1
Foz	0	0	1	1	0	0	1
Lourenzá	0	0	0	1	0	0	1
Mondoñedo	2	1	0	1	0	1	1
Ourol	0	0	0	0	0	0	1
Ribadeo	0	1	3	1	0	1	1
Trabada	0	0	0	0	0	0	0
O Valadouro	0	0	0	1	0	0	1
O Vicedo	0	0	0	1	0	0	1
Viveiro	1	1	1	3	1	1	2
Xove	0	0	0*	0	0	0	1
TOTAL	3	4	6	12	2	4	14

Ilustración 19. Equipamentos de uso público existentes ano 2006. Elaboración propia. Fonte IGE.

* Existe 1 guardería, datos oficiais anteriores.

(1) A partires de datos do 2007.

(2) A partires de datos do 2006.

Facendo unha análise dos datos da táboa superior, vése que os equipamentos de uso público referidos á poboación dependente son pouco representativos no conxunto xeral da comarca. Deste xeito, só catro dos catorce municipios contan co residencia de anciáns (Burela, Mondoñedo, Ribadeo e Viveiro), e cinco con garderías infantís (Burela, Foz, Ribadeo, Viveiro e Xove). Só Mondoñedo e Viveiro teñen Centros de Asistencia Social.

Porén, destaca a presenza en tódolos municipios (agás Trabada) de Centros de Información Xuvenil e de Emprego.

1.2.6. Tecido asociativo




Ilustración 20. Fonte: Rexistros Administrativos da Comunidade Autónoma de Galicia. Xunta de Galicia. Elaboración propia.

Cun total de 740 asociacións, a nivel xeral da comarca o tipo predominante é a que téñen un carácter social (incluíndo nela ás amas de casa, inmigrantes, mulleres, pais de alumnos, veciñais, ecoloxistas, educativas, naturistas, relixiosas, xubilados, xitanas, xuvenís, discapacitados e rehabilitación de alcohólicos), cun total de 39,3% sobre o total. As asociacións culturais, deportivas e recreativas representan o 31,8%, mentres que as rural-agroandeiras teñen un 1,1% do total, seguido das forestais con só un 0,3%.

Por concellos, a maior capacidade asociativa tenla Viveiro, Ribadeo e Foz (con máis dunha centea de asociacións cada un deles). Alfoz, Ourense, Lourenzá, Trabada e O Valadouro son as que menos asociacións presentan (menos de 25 cada un deles).

1.2.7. Elementos culturais propios do territorio

O atractivo desta comarca reside no feito de que a súa ubicación propicia unha perfecta combinación de escenarios de mar e montaña, dando lugar a que se converta no entorno ideal para a práctica de deportes náuticos como a pesca marítima, a vela, o piragüismo, o surf ou o windsurf, así como tamén de todo tipo de deportes de montaña, como a pesca fluvial, a caza ou o sendeirismo, entre outros.

Non podemos esquecer que é unha terra cargada de gran simbolismo histórico, onde se mesturan desde vestixios culturais como os castros e dolmens, ata insólitas catedrais e vilas medievais, pasando por castelos, pazos señoriais, ermidas, mosteiros e casas blasonadas, que son orixe moitas veces, das singulares historias épicas, lendas e tradicións que poboan a zona.

Ademáis dos espazos naturais descritos no punto 1.1.2., destacan as máis de 30 **festas e feiras** ó longo do ano, destacando as gastronómicas, as relixiosas e culturais. Algunhas delas contan con recoñecemento de interese estatal ou rexional, destacando:

- Festas de interese turístico nacional: a Semana Santa de Viveiro, a Rapa das bestas de Candaoso, a Xira de Santa Cruz, as Festas Patronais de San Lorenzo en Foz, a Romaría do Naseiro, en Viveiro e As Quendas en Mondoñedo.
- Festas de Galicia de interese turístico: Festa da troita, Feira do Bonito de Burela, A Maruxaina de San Ciprián, a Queimada Popular de Cervo, A Festa da Faba en Lourenzá.

Con máis de 3.500 plazas turísticas (entre hoteis, pensións, albergues de peregríns, casas rurais, etc.), un dos principais reclamos da comarca e aspecto cultural propio é sen dúbida o **gastronómico**, rico en pratos de mar e de montaña, algúns deles exaltados en festas e feiras que atraen a multitude de xente. Dentro dos produtos do mar destacan a pescada do pincho de Celeiro, recoñecida como de primeira calidade; o ourizo de mar de San Ciprián; a cadelucha do Vicedo, o bonito de Burela; os berberechos de Foz; o polvo en Ribadeo, etc. No interior destacan os produtos agrícolas e gandeiros relacionados coas actividades tradicionais, como o mel e as castañas no Valadouro; a riqueza piscícola dos ríos Sor, Landro, Ouro, Masma e Eo; a faba con denominación de orixe no val do Masma, cerca de Lourenzá; a empanada e a torta de améndoas de Mondoñedo, etc.

A zona 1 é ademáis un referente no campo artesanal xa que conta en Cervo coa cerámica de Sargadelos, de extraordinario valor e recoñecemento fora de Galicia. Existen máis representacións no campo da cerámica como Burelarte ou Regal en Burela e Viveiro respectivamente; a cestaría e artesanía dos texidos no Valadouro e Mondoñedo; oleiros en Mondoñedo; artesáns da madeira en Cervo, etc. Dende 2004 en Mondoñedo dase una actividade artesanal orientada á recuperación da cultura popular e aberta ó turismo na que empregan diferentes técnicas. Ferias de artesanía como

Produart (Burela) centrada en produtos artesanais e ecolóxicos, mercados medievales, etc., completan a oferta artesanal destas terras.

Co paso dos anos, o concello de **Alfoz** pasou de ser un espazo altamente rico en patrimonio histórico, a ser tamén un lugar excepcional para a práctica de actividades de turismo rural ligadas á agricultura, base da súa economía. Da súa paisaxe destaca a Ruta Pardo de Cela, e da súa cultura destacan o Castro de Lagoa e Pena Abaladoira, Castelo de Pardo de Cela, Igrexas de Bacoí, de Adelán e de Castro de Ouro, así como tamén os Pazos de Rizal, Carrocide, O Muiño, Salvaterra e a Finca Galea.

Un dos concellos que sobresaí por ofrecer quilómetros de fermosos e pintorescos areais, e por ser un dos centros turísticos máis importantes da zona é **Barreiros**, onde destaca dentro da súa paisaxe o Monte Comado, lugar frecuentemente utilizado para a práctica de deportes como o parapente. Da súa cultura destaca a Pena de Altar, Casas de Indianos, Capelas de San Estebo de Pagá, San Caetano e San Bartolomé, e a Igrexa de San Xusto de Cabarcos.

Ademais do seu importante porto, o concello de **Burela** está dotado da máis ampla variedade de servizos e establecementos comerciais. Destaca da súa paisaxe o Monte Castelo, que dispón dunha área recreativa. Da súa cultura, non hai que esquecer o Barrio de Os Castros e a Igrexa de Vila do Medio.

O concello de **Cervo** é o mellor exemplo da combinación de mar e montaña que se produce nesta comarca; a parte das praias, destaca da súa paisaxe o Faro da Atalaya, o Paseo dos Namorados, e rutas de sendeirismo tanto a pé como a cabalo, moi abundantes nesta zona. Como elementos culturais destacan a Real Fábrica de Sargadelos, Igrexa de Santa María, Pazo de Pedrosa e a ponte de O Bao.

O concello de **Foz** é un importante centro turístico no que destacan, ademais das súas praias, o Monte de O Bispo Santo, Pico de A Frouxeira. Da súa cultura destacan os Castros de Fazouro, Marzán e Punta dos Castros; Catedral de San Martiño, Fonte da Zapata e casas blasonadas en Cangas, Fazouro e Nois.

Hacia o interior, encontrámonos cun concello pintoresco rodeado de montañas, **Lourenzá**, que é un importante enclave histórico, e destacado centro industrial do sector madeireiro. Destacan o Mosteiro de San Salvador e a Igrexa de Santa María de Valdeflores, a Ponte de A Cazolga e o Pazo de Tovar.

Unha cidade cultural por antonomasia é **Mondoñedo**, sendo as súas orixes da Idade do Bronce, hoxe convertida nun importante centro de peregrinación cultural e histórico. Dentro deste concello cabe destacar as Covas do Rei Centolo, Rutas como a da Costa do Camiño de Santiago ou a de Pardo de Cela, así como outras rutas de turismo verde. Da súa cultura destacan vestixios históricos como dolmens, petróglifos, etc., así como a Catedral Basílica, Museo Catedralicio e Diocesano de Arte Sacro, Palacio

episcopal, Santuario da Virxe dos Remedios e Mosteiro de Os Picos; como exemplos de arquitectura civil destaca a ponte de O Pasatempo, a fonte Vella e o Hospital de San Pablo e San Lázaro.

Cunha paisaxe que mestura vales e montañas, o concello de **Ourol**, é un museo natural no que poder gozar das acolledoras paisaxes da Galicia rural en estado puro. Conta con rutas de sendeirismo que permiten contemplar gando en liberdade. Destacan as Igrexas de Santa María de Ourol e de Santiago de Bravos, así como Cruceiros, Casas Señoriais, Casas de Indianos, Muíños ou Pombais.

O concello costeiro localizado mais ao este desta comarca, é o de **Ribadeo**, no que a súa capital municipal, destaca pola antigüidade das súas orixes e pola importancia actual no aspecto comercial, portuario e de servizos. Paisaxisticamente destacan o Faro de Illa Pancha e o Monte de Santa Cruz, e culturalmente, casas blasonadas, a Torre dos Morenos, os Pazos de Ibáñez, de Cedofeita e de Quinta Longa, así como a Igrexa de Santa María do Campo e algunhas capelas románicas.

O concello de **Trabada** conta con diferentes rutas de sendeirismo que atravesan os seus bosques autóctonos, e da súa cultura podemos destacar as Medorras de Vilarbetote, os Castros de Trabada, Sante e Vidal, e o menhir de Marco da Pena Verde. Son moi abundantes nesta zona as casas solariegas, entre as que cabe mencionar o Pazo e Torre de Terrafeita (hoxe convertido en establecemento de turismo rural) ou as casas blasonadas de Boca de Canle e Rigoio.

Dentro da arquitectura relixiosa, destacan as Igrexas de Trabada, a de Balboa, a de Vilaformán e a Capela de San Fernando.

Tamén rodeado por montañas está **O Valadouro**, que se dedica fundamentalmente á gandería. Ademais da súa paisaxe, non podemos esquecer mencionar os seus tesouros culturais, como son o Dolmen de Santo Tomé e as Croas de Budián e Moucide, Arca de Sinás, Pazo de Gradaille, muíños e cruceiros, e a Igrexa de Moucide xunto coa Capela de Santa Filomena.

O Vicedo é un dos concellos mais litorais desta comarca, xa que a maior parte do seu territorio encóntrase asentada sobre unha Península. Destacan os Castros de Suegos, A Pena e San Vidal, e a Medorra de San Miguel de Negradas. Conta tamén coas casas blasonadas de Alexos e O Pereiro, e no ámbito relixioso cabe mencionar as Igrexas de Cabanas e Ribarba.

O concello de **Viveiro** resulta de gran importancia por ser a súa capital a mais grande das cidades da comarca e posuír o casco histórico mais antigo do norte de Galicia, converténdose así en importante centro cultural.

Conta con Miradoiros como os de San Roque, Monte Castelo e Faro, dotados todos eles de áreas recreativas. Así mesmo, podemos atopar nesta zona os Castros de Condomiña e de Loureiro e a Porta de Carlos V, considerada como Monumento Nacional.

Destacan tamén Igrexas como as de San Francisco, de Santa María do Campo, de San Pedro, a Capela Ecce-Homo e o Mosteiro de Valdeflores.

Como importante centro industrial desta comarca hai que mencionar o concello de **Xove**, que ademais conta con fermosas rutas de sendeirismo por Penas Agudas contemplando a fauna autóctona en liberdade. Culturalmente destacan os Castros de Illade, Sumoas e Coto da Vela, pazos, hórreos e numerosos muíños de auga. No ámbito relixioso, cabe citar as Igrexas de Xuances e de Xove.

1.3. Mercado de traballo

Nos tres últimos anos a porcentaxe de poboación activa aumentou en concellos da costa, como Burela, Foz, Viveiro e Ribadeo; nos concellos do interior, diminuíu en todos eles, isto debese primordialmente, á emigración da poboación do interior cara ás zonas costeiras.




Ilustración 21. Poboación activa por concellos 2005-2007. Elaboración propia.
Fonte IGE.

Analizando a evolución da porcentaxe de paro, si comparamos os valores dos dous últimos anos, no gráfico seguinte vemos que descendeu en tódolos concellos coa excepción de Lourenzá e Ourol.




Ilustración 22. Evolución da tasa de paro 2005-2007. Elaboración propia. Fonte IGE.

En canto á diferenza de valores de paro segundo sexo, a variación foi substancial dende o ano 2006. Atendendo aos datos recollidos na Consellería de Traballo, como se ve na seguinte gráfica, o número de mulleres paradas supera con moito ao de homes.




Ilustración 23. Evolución do paro por sexo na comarca. 2006-2008. Elaboración propia. Fonte IGE.

Analizando os datos do ano 2008, por sectores, podemos ver no gráfico seguinte que o descenso mais acusado rexistrase no sector servizos; no sector da construción, o mesmo que no agrogandeiro aumenta un pouco en agosto con respecto a xullo, ao contrario que na industria que descende.




Ilustración 24. Paro por sectores ano 2008. Elaboración propia. Fonte IGE.

1.4. Análise sectorial

A Comarca que estamos a analizar constituíu unha área emprendedora dende o punto de vista das actividades económicas. Transformación de materias primas, explotacións mineiras, ferrarías, industria textil ou establecementos de transformación relacionadas coa actividade pesqueira, fixeron desta zona un referente en toda Galicia. Debido á súa situación xeográfica, entre a Cornixa Cantábrica e a Galicia occidental, puido aproveitar os mercados e as posibilidades de progreso que ambas dúas ofrecían dun xeito diferente.

Os principais núcleos administrativos desta zona son Viveiro, Ribadeo e Mondoñedo, seguidos de Foz e Burela, que tenen importantes actividades terciarias e de promoción empresarial.

Burela é o maior núcleo urbano, destaca pola actividade pesqueira e por tener o Hospital da Costa Lucense. Viveiro é a cabeza demográfica desta zona, sendo ademais o principal centro terciario e de concentración empresarial do territorio. San Ciprián, no municipio de Cervo e sen peso administrativo, destaca polo crecemento que experimentou ó amparo da gran empresa de transformación de aluminio Alcoa, un dos principais motores económicos da comarca.

Fora do anterior, a economía é diferente no interior e na costa. O interior en liñas xerais vive da produción forestal, das actividades agro-gandeiras e primeira transformación. Nos últimos anos creceu o sector servizos (administrativos e comerciais). O litoral diversificou a economía a partir das actividades pesqueiras e agrícolas, cara un sector industrial diverso (pymes principalmente), e o sector servizos (que intentan adaptarse ás esixencias turísticas).

Os datos mais actuais dos que dispoñemos son os seguintes:

	SECTORES				
	Agro-gandeiro (1)	Industria (1)	Construción (1)	Servizos (1)	Forestal (2)
ALFOZ	230	21	28	60	14
BARREIROS	176	23	62	166	7
BURELA	5	36	89	544	8
CERVO	95	22	32	182	8
FOZ	173	54	160	504	12
LOURENZÁ	165	33	43	152	20
MONDOÑEDO	382	36	71	209	14
OUROL	167	4	3	26	10
RIBADEO	236	51	127	583	11
TRABADA	141	16	13	54	14
O VALADOURO	230	23	34	90	5
O VICEDO	107	4	19	67	4
VIVEIRO	165	73	145	794	21
XOVE	172	9	25	113	10
TOTAL	2444	405	851	3544	158

Ilustración 25. Sectores Económicos por Concellos. Elaboración propia.

(1) Son datos do ano 2007. Fonte IGE-CMR.

(2) Son datos do ano 2008. Fonte CMR.

O sector agro-gandeiro destaca nos concellos de Mondoñedo, Ribadeo, O Valadouro e Alfoz, mentres que o forestal destaca en Viveiro, Lourenzá, Alfoz, Mondoñedo e Trabada.

Os principais concellos costeiros, como Viveiro, Ribadeo, Burela e Foz, pola contra destacan mais no sector servizos; así como en construción e industria, que destacan Foz, Viveiro e Ribadeo.

Falta o sector pesqueiro, do que non hai datos actuais por concello.

2. Determinación de estrangulamentos e potencialidades

A análise dos estrangulamentos da zona 1 baseouse nos datos estadísticos recollidos e nas numerosas entrevistas realizadas ás mesas sectoriais e a representantes de asociacións, empresas, cooperativas e institucións públicas.

a) Contexto socioeconómico

Cun total de 1.260 km² e 72.265 habitantes, a Zona 1 é un espazo de complexas relacións naturais e sociais, cunha elevada diversidade interna, enlazada con fluxos físicos, humanos e económicos. Debido á dualidade da

zona, a costa e o interior, danse grandes diferenzas dende o punto de vista económico e social.

Os municipios costeiros concentran maioritariamente á poboación e o maior dinamismo económico, mentres que tal é como sucede en todo o territorio galego, as zonas rurais do interior caracterízanse pola perda de puxanza das súas actividades produtivas tradicionais, apreciándose unha eminente tendencia ao despoboamento e envellecemento da poboación. Estas diferencias son trasladables ás parroquias de interior de moitos dos municipios costeiros.

A zona 1 conta con 4 municipios dinamizadores, denominación establecida no *Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia*, que son Ribadeo, Foz, Burela e Viveiro. Estes municipios son entendidos como aqueles municipios en desenvolvemento e que gardan unha relación directa de carácter comercial, empresarial ou de emprego cos municipios do seu contorno. Estes municipios están chamados a actuar como núcleos de difusión de crecemento para contribuír a unha mellor estruturación territorial e á incorporación e fixación da poboación. É necesario fortalecer e dinamizar tamén as zonas de interior e o resto de concellos para que a potencialidade que supón contar con municipios dinamizadores non acabe por converterse nun estrangulamento.

Os sectores agrario e forestal, pese o retroceso dos últimos anos fronte aos sectores servizos e industrial, segue a desempeñar un importante papel na realidade socioeconómica da zona 1. Sendo estas actividades motores básicos en moitos dos municipios da zona. Ademais de isto, estes sectores son o obxectivo fundamental dos fondos Leader polo que se realiza unha análise breve e diferenciada dos mesmos.

b) Os sectores forestal, agrícola e gandeiro

b.1. Sector forestal

Segundo unha recompilación documental da AFG (Asociación Forestal de Galicia) o peso forestal da Mariña representa un 6% da superficie forestal galega e un 17% da de Lugo. A comarca concentra máis do 80% dos montes de eucalipto da provincia polo que podemos falar practicamente de monocultivo. O monocultivo de eucalipto na zona ven provocado polo rápido crecemento da especie, o que permite unha rendibilidade a mais curto prazo

Como en todo o territorio galego o minifundismo é o principal factor limitador para un aproveitamento óptimo do monte. O reducido tamaño das explotacións forestais orixina elevados custes de explotación para proceder á extracción da madeira, descoñecemento da propiedade, imposibilidade para levar a cabo plans integrais forestais, abandono...

O sector caracterízase pola atomización das empresas, a debilidade das industrias de segunda transformación, os déficits que se manifestan no

ámbito da xestión, a necesidade dunha mellor formación ou os escasos recursos destinados a I+D+i.

A pesar desta atomización, na zona 1 atópanse grandes empresas de 1ª e 2ª transformación da madeira que actúan como empresas tractoras de moitas outras, o que supón un gran potencial.

O clima da zona 1 permite que o eucalipto, a especie mais numerosa, creza máis rápido e adquira maiores dimensións que practicamente en ningunha outra zona do mundo, esta é unha das maiores potencialidades do noso territorio. Este aspecto, xunto á dilatada experiencia empresarial do sector madeireiro da zona, ás infraestruturas para o transporte de madeira como son o porto de Ribadeo ou o de Celeiro, a próxima apertura de infraestruturas como a autovía do Cantábrico, a proximidade de empresas papeleiras (Ex. Navia), e o elevado grado de asociacionismo dos propietarios e produtores da zona presentan unha gran oportunidade para o sector forestal.

Aínda que minoritarias, existen na zona 1 outras especies forestais distintas o eucalipto, frondosas e pino principalmente. Estes montes teñen especial importancia na zona como patrimonio natural, con gran potencialidade para o seu uso social e económico.

As numerosas potencialidades forestais da zona 1 non só están orientadas á produción da madeira, senón tamén ás enerxías renovables, á explotación de biomasa ou o aproveitamento secundario da produción de eucalipto.

b.2. Os sectores agrícola e gandeiro

Ao igual que no resto do territorio galego o subsector bovino é o de maior peso do conxunto agrario na zona 1, destacando a produción de leite. É importante subliñar que a evolución do sector e o proceso de modernización e reestruturación vixente, conduciu a un significativo descenso do número de explotacións existentes. Este proceso orixinou un continuado aumento do número de animais por explotación, debido a que, normalmente, son as explotacións máis pequenas as que desaparecen, provocando ao mesmo tempo un aumento das explotacións de carne.

Na actualidade contamos cunha das cabanas gandeiras máis saneadas e produtivas do Estado. Os controis das enfermidades fanse mentres vive o animal e despois de morto, o que garante que calquera consumidor poida dispoñer de produtos coa máxima garantía.

A zona 1 conta con territorios aptos para a produción gandeira, nos últimos anos estes terreos reducíronse notablemente polo aumento da masa forestal e a presión urbanística. O minifundismo e a falta de base territorial das explotacións, provocan unha forte dependencia dos concentrados e impiden o alimento dos animais a base de pasto, forraxe e cereais, ou a través da introdución de novos cultivos. Isto supón un estrangulamento que se ve agravado polos altos custes dos concentrados para alimento animal. A

produción gandeira ecolóxica tamén se ve limitada xa que, para ser rendible, precisa de traballar en pastoreo con cargas gandeiras baixas.

Actualmente os altos custes dos consumos das explotacións e principalmente os baixos prezos de venda do leite e a carne están situando a moitos produtores ao bordo da quebra.

O sector agrícola enfróntanse a problemáticas moi similares ao sector gandeiro. O sector agrario no seu conxunto está a sufrir dende hai uns anos un incremento do prezo dos *inputs* que emprega, que, á súa vez, encarece cada vez máis os custos produtivos, sen se ver compensado este incremento por unha suba dos prezos da produción. Isto está a provocar unha diminución constante das marxes das explotacións, orixinando así unha desaparición intensa de explotacións e un estancamento da renda agraria das que permanecen.

A desaparición destas explotacións está provocando o abandono de numerosas producións con altas potencialidades pola súa calidade e tradición en moitos das zonas do GDR1, como pode ser o da pataca, cebola ou diversos tipos de hortalizas, que se deberán recuperar.

Hai escaseza de estruturas e servizos comerciais polo que non é fácil garantir unha distribución da produción conforme aos niveis de esixencia do comercio. Por outra banda, a comercialización directa por parte dos produtores e produtoras tropeza con multitude de dificultades de variada índole (técnicas, ecolóxicas, sociais, administrativas), que limitan as posibilidades de desenvolvemento de canles de comercialización curtas e mesmo de venda directa.

O sector non conta apenas con medios de difusión de coñecementos e transferencia de tecnoloxía, o que impide a actualización e intercambio de coñecementos e experiencias dentro do sector.

c) Outros sectores

A zona 1 dos GDR é unha zona moi dinámica empresarialmente, especialmente nos municipios que citamos como dinamizadores. É importante aproveitar esta potencialidade, fortalecendoa e intentando trasladala a zonas menos activas.

Un dos sectores con mais potencialidade da zona é o turístico. A zona 1 conta con grandes atractivos naturais, patrimoniais, culturais e gastronómicos.

O turismo rural na zona é altamente estacional e moi vinculado en certos municipios ao turismo de praia. É necesario dotalo de novas infraestruturas e actividades vinculadas que aproveiten ao máximo os atractivos da zona, e reducir así esta estacionalidade.

Sería importante para a zona que os diversos sectores que se acollen ás liñas de actuación do noso GDR levanan a cabo proxectos intersectoriais como pode ser a utilización dos establecementos de turismo rural como

elementos promocionais e inclusive de primeira venda dos produtos agrarios autóctonos.

3. Obxectivos

A partir dos problemas detectados, e dos recursos e potencialidades cos que conta o territorio GDR1 defínense os seguintes obxectivos:

Obxectivos xerais:

- Desenvolvemento endóxico e sustentable do territorio
- Fixación da poboación
- Elevación do benestar social dos habitantes do territorio

Obxectivos intermedios:

- Aumento da rendibilidade das explotacións agro-gandeiras e forestais
 - o Redución dos custes de produción
 - Redución dos custes enerxéticos
 - Redución dos custes dos consumos propios da explotación
 - o Aumento do valor comercial dos produtos
 - Valor engadido dos produtos
 - Novas vías de comercialización
- Diversificación da economía rural
- Mellora das condicións socio laborais da poboación rural.
- Aproveitamento do patrimonio natural e cultural

4. Liñas de actuación

A partir dos obxectivos antes descritos concrépanse as seguintes liñas de actuación nas tres medidas que integran o programa:

Medida 411.- Dinamización do sector agrario e forestal. Anexo II A

Atendendo o obxectivo de aumentar a rendibilidade das explotacións agro-gandeiras e forestais, optouse pola tipoloxía de proxectos e o reparto financeiro descrito no anexo II A. O aumento dos custes de explotación e o baixo prezo de venda das produción agrícolas e gandeiras poñen en risco a viabilidade de moitas destas explotacións. É por isto que, sen eliminar practicamente ningunha das posibles tipoloxías de proxectos desta medida,

optouse por potenciar os proxectos de mellora da eficiencia enerxética das explotacións e de transformación e comercialización de produtos agrarios.

Medida 412.- Mellora ambiental e do contorno rural. Anexo II B

A tipoloxía dos proxectos incluídos nesta medida así como o correspondente reparto financeiro descrito no anexo II A, realizouse co obxectivo da mellora ambiental e patrimonial da zona 1.

A conservación, mellora e difusión do patrimonio rural galego, tanto natural coma cultural, constitúe unha ferramenta clave para favorecer a calidade de vida nas zonas rurais e, asemade, diversificar a súa economía. Estas actuacións supoñen ademais un valor engadido para as condicións turísticas da zona.

Medida 413. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida. Anexo II C

Para a elección da tipoloxía dos proxectos incluídos nesta medida así como o correspondente reparto financeiro descrito no anexo II A, tivéronse en conta varios factores:

Procurouse unha maior aportación financeira en aqueles proxectos que non están subvencionados por outras axudas públicas, ou si o están, é en condicións mais desfavorables.

Ao igual que na medida 411 incídese de novo no apoio á comercialización e transformación de produtos da zona.

Co obxectivo de diversificar a economía no rural pretendese apoiar de forma decidida a creación de PEMES, neste senso e tendo en conta o potencial forestal e agrícola da zona, incentivase especialmente as empresas de servizos relacionados con estes sectores.

Para dar resposta a diversas accións previstas na medida 411 incentivárase a creación de empresas de implantación de medidas de aforro enerxético e TICs no medio rural.

A asociación que opta á candidatura para xestionar o GDR1 opina que o desenvolvemento de proxectos que creen servizos para a economía e a poboación rural é básico para a fixación da poboación. E por isto que se aposta por unha reserva de fondos moi destacable para este tipo de proxectos. Hai que ter en conta ademais, e tal é como se reflexa na diagnose, que existen zonas rurais carentes de servizos á unha poboación rural que entre outras necesidades se encontra moi envellecida. Asemade é necesario o desenvolvemento de iniciativas que melloren a calidade de vida dos titulares e traballadores das explotacións agrogandeiras. O obxectivo é evitar que explotacións que aínda sendo rendibles sexan abandonadas pola falta de atractivo das condicións de vida para os seus titulares.

Aínda que en menor medida que nos proxectos citados con anterioridade, apostase pola posta en valor do patrimonio cultural e natural xunto co

fomento de actividades turísticas complementarias ás ofertas de aloxamento. Este tipo de iniciativas aumentará a atracción de visitantes ademais de mellorar a calidade de vida dos residentes na zona.

Véxanse os Anexos A, B e C.

5. Indicadores

Véxanse os Anexos III A, B, C, D e E.

6. Complementariedade con outros fondos

O grupo xestor do programa procurará e analizará a complementariedade do programa Leader con outros fondos ou programas que actúan no territorio. Estudaranse tanto ás posíbeis liñas de delimitación nas actuacións financiadas como ás sinerxías con eses outros programas, procurando desta maneira o aproveitamento máximo dos fondos e o máximo apoio as iniciativas presentadas ao programa.

O GDR1 inclúe concellos costeiros, comprendidos no ámbito de actuación do Fondo Europeo da Pesca. Estes concellos correspondentes ao Grupo de acción costeira 1 (GAC1):

1. A estrutura do GDR estará coordinada coa estrutura do GAC1, debéndose informar mutuamente das accións que se estén levando a cabo. Así mesmo deberán colaborar activamente para un mellor desenvolvemento das respectivas estratexias.
2. GAC1 financiará en exclusiva as intervencións relacionadas co sector pesqueiro, acuícola e marisqueiro e aquelas nas que o beneficiario estea vinculado a esas actividades.
3. As actuacións sobre o patrimonio natural, histórico e cultural situados nos ámbitos mais costeiros corresponderán aos grupos de acción costeira (GAC).

Os concellos de interior do GDR1 presentan cifras socioeconómicas e demográficas claramente mais desfavorables que as dos municipios costeiros. Isto permitirá que aqueles promotores que presenten proxectos nestes concellos obteñan unha maior puntuación na baremación dos mesmos. Polo tanto, os promotores asegúranse mais posibilidades de admisión e maior subvención. Esta circunstancia provocará que a minoración dos fondos non afecte aos concellos non costeiros integrados no GDR.

III. Plan de cooperación

Véxase o Anexo II D.

IV. Normas para a xestión do programa

I. Límites de axuda pública máxima

Os límites de axuda pública máxima (cuantitativos e porcentaxes) en función dos diferentes tipos de proxecto, son os establecidos por AGADER na *Resolución do 30 de maio polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do program Leader Galicia 2007-2008*. DOG nº 115-Luns, 16 de Xuño de 2008. Anexo III: Réxime de Axudas.

II. Criterios para a selección e priorización de proxectos: Baremo e regras para a asignación das porcentaxe de axuda pública.

a) Requisitos de subvencionalidade dos proxectos:

1. Carácter innovador, entendido non só como innovacións tecnolóxicas senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos que se presentan no territorio.
2. Viabilidade: O proxecto deber ser viable técnica e economicamente, comprobarase especialmente a súa viabilidade financeira.
3. Adecuación do proxecto á estratexia do programa.

b) Baremo de proxectos produtivos:

1. Situación xeográfica: 40 puntos.

1.1. Características económicas do concello no que se localiza o proxecto: 10 puntos

En función do IMRF do ano 2002 publicado polo IGE e tendo en conta as cifras concretas para os concellos enmarcados no denominado GDR1, establécense o seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

- Concellos cun IMRF inferior ou igual ao 86% da media galega: 10 puntos.
- Concellos cun IMRF maior ao 86% e menor ou igual ao 89%: 8 puntos.
- Concellos cun IMRF maior ao 89% e menor ou igual ao 97%: 6 puntos.
- Concellos cun IMRF maior ao 97% e menor ou igual ao 100%: 4 puntos.
- Concellos cun IMRF maior ao 100%: 0 puntos

1.2. Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto: 10 puntos

En función dos datos de poboación do ano 2007 publicado polo IGE e tendo en conta as cifras concretas para os concellos enmarcados no denominado GDR1, establece o seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

- Concellos con poboación cunha idade superior aos 64 anos maior ou igual ao 35%: 10 puntos.
- Concellos con poboación cunha idade superior aos 64 anos menor ao 35% e maior ou igual ao 30%: 8 puntos.
- Concellos con poboación cunha idade superior aos 64 anos menor ao 30% e maior ou igual ao 25%: 6 puntos.
- Concellos con poboación cunha idade superior aos 64 anos menor ao 25% e maior ou igual ao 20%: 4 puntos.
- Concellos con poboación cunha idade superior aos 64 anos menor ao 20%: 0 puntos.

1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto: 10 puntos

En función dos datos recollidos no nomenclátor de 2007 e identificando núcleo de poboación con parroquia, establece os seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

- Núcleo de poboación menor ou igual a 300 habitantes: 10 puntos.
- Núcleo de poboación maior de 300 habitantes e menor ou igual a 500: 8 puntos.
- Núcleo de poboación maior de 500 habitantes e menor ou igual a 1.000: 6 puntos.
- Núcleo de poboación maior de 1000 habitantes e menor ou igual a 1.500: 4 puntos.
- Núcleo de poboación maior de 1.500 habitantes e menor ou igual a 2500: 2 puntos.
- Núcleo cunha poboación maior de 2.500 habitantes: 0 puntos.

1.4. Outros criterios xeográficos: 10 puntos

En función da distancia do núcleo de poboación onde se localiza o proxecto a un núcleo de poboación de máis de 1.500 habitantes, e identificando núcleo de poboación con parroquia, establece os seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

- Distancia maior ou igual a 20 Km. : 10 puntos
- Distancia menor de 20 Km. e maior ou igual a 15 km: 8 puntos
- Distancia menor de 15 Km. e maior ou igual a 10 Km.: 6 puntos

- Distancia menor de 10 Km. e maior ou igual a 5 Km.: 4 puntos
- Distancia menor de 5 Km. e maior ou igual a 1,5 Km.: 2 puntos
- Distancia menor de 1,5 Km.: 0 puntos

2. Características do promotor do proxecto: 10 puntos

2.1 Valorarase o compromiso de utilización da lingua galega por parte do promotor na execución e desenvolvemento do proxecto, de acordo co previsto no artigo 20.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia: 2 puntos

2.2. Valorarase que o proxecto sexa solicitado por unha entidade asociativa, S.A.T ou Sociedades Cívís.: 5 puntos

2.2. Se o proxecto e presentado por persoas físicas individuais: 2 puntos

2.3. Valorarase o peso (mais do 50%) dentro das persoas ou entidades que promoven o proxecto de determinados colectivos. Puntos acumulativos ata un máximo de 3 puntos:

- Mulleres: 2 puntos
- Mozos/as: 2 puntos
- Persoas con discapacidade: 3 puntos

3. Incidencia do emprego: 25 puntos.

3.1. Volume de empregos creados: Puntos acumulativos ata un máximo de 16 puntos.

Valorarase con 4 puntos cada un dos empregos directos creados. Os empregos computaranse polo equivalente anual de empregos a tempo completo.

3.2. Incidencia na creación de emprego para determinados colectivos: 9 puntos

Este criterio valorarase segundo a porcentaxe dos empregos directos creados que correspondan aos seguintes colectivos:

- Menores de 35 anos e maiores de 45 (Porcentaxe maior ou igual ao 50% dos empregos creados): 2,75 puntos.
- Persoa con discapacidade (Porcentaxe maior ou igual ao 25% dos empregos creados): 3,5 puntos.
- Mulleres (Porcentaxe maior ou igual ao 50% dos empregos creados): 2,75 puntos.

4. Impacto sobre o territorio. 25 puntos.

4.1. Capacidade de arrastre do proxecto: 15 puntos.

Este criterio valorará o efecto multiplicador do proxecto, a súa capacidade motora para a economía da zona, concretada nos seguintes aspectos:

- Transformación da produción agrícola, gandeira ou forestal da zona: 7 puntos
- Utilización , dentro dos inputs, de recursos da zona: 4 puntos
- Creación de empresas produtivas ou de servizos que realizan a súa actividade necesitando ("arrastrando") da produción e/ou prestación de servizos dunha ou varias empresas de forma continuada: 4 puntos

4.2. Incidencia ambiental: 5 puntos.

- Valorarase que o proxecto teña incidencia ambiental positiva ou ben que contribúa a minorar os danos ou problemas ambientais existentes na zona a través da aplicación dalgunha das seguintes medidas: utilización sustentable dos recursos endóxeos, protección da biodiversidade e dos hábitats, xestión de recursos hídricos, contribución á prevención de incendios, plan de xestións de residuos, utilización de enerxías renovables.

4.3 Criterios propios do GDR1: 5 puntos.

- Valoraranse positivamente aqueles proxectos de produción ou transformación de produtos agrícolas, gandeiros e forestais que integren planes de comercialización ou inclúan o desenvolvemento dunha acción piloto de comercialización dos mesmos.

c) Baremo de proxectos non produtivos:

1. Situación xeográfica. 40 puntos.

1.1. Características económicas do concello no que se localiza o proxecto.

En función do IMRF do ano 2002 publicado polo IGE e tendo en conta as cifras concretas para os concellos enmarcados no denominado GDR1, estableceuse o seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

- Concellos cun IMRF inferior ou igual ao 86% da media galega: 10 puntos.
- Concellos cun IMRF maior ao 86% e menor ou igual ao 89%: 8 puntos.
- Concellos cun IMRF maior ao 89% e menor ou igual ao 97%: 6 puntos.

- Concellos cun IMRF maior ao 97% e menor ou igual ao 100%: 4 puntos.
- Concellos cun IMRF maior ao 100%.: 0 puntos

1.2. Características demográficas do concello no que se localiza o proxecto.

En función dos datos de envellecemento da poboación no ano 2007 publicado polo IGE e tendo en conta as cifras concretas para os concellos enmarcados no denominado GDR1, estableceuse o seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

- Concellos con poboación cunha idade superior aos 64 anos maior ou igual ao 35%: 10 puntos.
- Concellos con poboación cunha idade superior aos 64 anos menor ao 35% e maior ou igual ao 30%: 8 puntos.
- Concellos con poboación cunha idade superior aos 64 anos menor ao 30% e maior ou igual ao 25%: 6 puntos.
- Concellos con poboación cunha idade superior aos 64 anos menor ao 25% e maior ou igual ao 20%: 4 puntos.
- Concellos con poboación cunha idade superior aos 64 anos menor ao 20%: 0 puntos.

1.3. Núcleo ou entidade de poboación onde se localiza o proxecto.

En función dos datos recollidos no nomenclátor de 2007 e identificando núcleo de poboación con parroquia, estableceuse os seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

- Núcleos de poboación de menos de 300 habitantes: 10 puntos.
- Núcleos de poboación de mais de 300 habitantes e menos de 500: 8 puntos.
- Núcleos de poboación de mais de 500 habitantes e menos de 1.000: 6 puntos.
- Núcleos de poboación de mais de 1000 habitantes e menos de 1.500: 4 puntos.
- Núcleos de poboación de mais de 1.500 habitantes e menos de 2500: 2 puntos.
- Núcleos cunha poboación igual ou maior de 2.500 habitantes: 0 puntos.

1.4. Outros criterios xeográficos. 10 puntos.

En función da distancia do núcleo de poboación onde se localiza o proxecto a un núcleo de poboación de máis de 1.500 habitantes, e identificando núcleo de poboación con parroquia, estableceuse os seguintes tramos de discriminación e a súa correspondente puntuación:

- Distancia maior de 20 Km. : 10 puntos
- Distancia maior de 20 Km. e menor de 15 km: 8 puntos
- Distancia maior de 15 Km. e menor de 10 Km.: 6 puntos
- Distancia maior de 10 Km. e menor de 5 Km.: 4 puntos
- Distancia maior de 5 Km. e menor de 1,5 Km.: 2 puntos
- Distancia menor de 1,5 Km.: 0 puntos

2. Características do promotor e ámbito de actuación do proxecto. 20 puntos.

2.1. En proxectos de promoción privada e pública valorarase o compromiso de utilización da lingua galega por parte do promotor na execución e desenvolvemento do proxecto, de acordo co previsto no artigo 20.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia: 2 puntos

2.2. En proxectos de promoción privada valorarase:

- A implicación no proxecto de varias entidades: 8 puntos
- O peso dentro das persoas ou entidades que promoven o proxecto de determinados colectivos (> 40% dos integrantes): mulleres, mozos/as, persoas con discapacidade: 6 puntos
- O ámbito supramunicipal do proxecto: 4 puntos

2.3. En proxectos de promoción pública valorarase (A elixir unha)

- Proxectos presentados por mancomunidades de concellos, consorcios e outras entidades de ámbito supramunicipal con participación maioritaria de concellos (proxectos presentados por máis de 4 concellos): 18 puntos
- Proxectos presentados por 3 ou 4 concellos: 16 puntos
- Proxectos presentados por 2 concellos: 14 puntos
- Proxectos presentados por menos de 2 concellos: 10 puntos

3. Impacto sobre o territorio: 40 puntos.

3.1. Volume de poboación beneficiada polo proxecto e incidencia sobre a mellora da súa calidade de vida: 12 puntos (A elixir unha)

- Acción ou servizo non existente na zona GDR1: 12 puntos
- Acción ou servizo non existente no concello: 10 puntos
- Acción ou servizo non existente na parroquia: 8 puntos
- Mellora de servizos xa existentes: 6 puntos

3.2. Potencialidade para favorecer o xurdimento de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego na zona: 10 puntos

- Creación ou renovación de servizos que xeren emprego ou necesiten da creación, renovación, ampliación ou afianzamento de empresas de apoio a estos servizos.

3.3. Incidencia na mellora ambiental: 6 puntos

- Valorarase que o proxecto teña incidencia ambiental positiva ou ben que contribúa a minorar os danos ou problemas ambientais existentes na zona a través da aplicación dalgunha das seguintes medidas: utilización sustentable dos recursos endóxeos, protección da biodiversidade e dos hábitats, xestión de recursos hídricos, contribución á prevención de incendios, plan de xestións de residuos, utilización de enerxías renovables.

3.4. Incidencia sobre colectivos determinados: Puntos acumulativos ata un máximo de 12 puntos

- Mulleres: 6
- Mozos/as: 6
- Persoas con discapacidade: 10
- Infancia: 10
- Terceira idade: 10

d) Regras para a asignación das porcentaxe de axuda pública

A puntuación mínima que deberá de acadar un proxecto **produtivo** para ser subvencionado será de 20 puntos.

A porcentaxe de axuda para proxectos produtivos con puntuación mínima será dun 30%. A puntuación a partir da cal se asignará a porcentaxe de axuda máxima será de 60 puntos.

As porcentaxes de axuda, unha vez definida a nota de corte e a nota á que se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima (20 e 60 puntos repectivamente) calcularanse mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a un decimal.

A puntuación mínima que deberá de acadar un proxecto **non produtivo** para ser subvencionado será de 30 puntos.

Para o cálculo da porcentaxe de subvención dos proxectos non produtivos terase en conta a clasificación que proporciona AGADER e que é a seguinte:

- *Proxectos non produtivos de prioridade alta.* Intensidade de axuda até o 100%:

Servizos á poboación dependente, tales como centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión sociolaboral para discapacitados, centros de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día). Servizos de transporte en áreas de baixa densidade de poboación. Investimentos relacionados co desenvolvemento das TICs no medio rural, tales como telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral.

- *Proxectos non produtivos de prioridade media.* Intensidade de axuda até o 70%:

Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural. Centros de promoción de recursos e puntos de información turística. Rehabilitación e equipamento de edificios destinados a locais sociais.

- *Outros proxectos non produtivos.* Intensidade de axuda até o 50%:

Infraestruturas de lecer: ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio. Instalacións deportivas, en coordinación co mapa de dotacións da Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia. Sinalización de recursos turísticos. Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web e concursos vinculados á valorización dos recursos do territorio. Instalacións hípcas ou cinexéticas. Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.

A porcentaxe de axuda para proxectos non produtivos con puntuación mínima será do 60% da subvención máxima permitida por AGADER. A puntuación a partir da cal se asignará a porcentaxe de axuda máxima será de 65 puntos.

A porcentaxe de axuda para proxectos **non produtivos** con puntuación mínima será do 60% da subvención máxima permitida por AGADER. A puntuación a partir da cal se asignará a porcentaxe de axuda máxima será de 65 puntos.

As porcentaxes de axuda, unha vez definidas a nota de corte e a nota á que se lle asignará a porcentaxe de axuda máxima (35 e 65 puntos

repectivamente) calcularanse mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a un decimal.

e) Definicións e datos estadísticos necesarios para establecer a puntuación

e.1) IMRF

INDICADOR MUNICIPAL DA RENDA DOS FOGARES. ANO 2002	
CONCELLOS	% IMRF
ALFOZ	86
OUROL	89
O VICEDO	89
XOVE	89
TRABADA	96
MONDOÑEDO	97
O VALADOURO	97
CERVO	100
VIVEIRO	100
BARRERIOS	101
BURELA	101
LOURENZÁ	101
FOZ	104
RIBADEO	104

e.2) Porcentaxe de poboación maior de 64 anos

	PORCENTAXE DE POBOACIÓN >64 ANOS	
	1998	2007
ALFOZ	30%	35%
BARREIROS	29%	31%
BURELA	11%	14%
CERVO	15%	18%
FOZ	21%	22%
LOURENZÁ	30%	31%
MONDOÑEDO	32%	34%
OUROL	39%	48%
RIBADEO	24%	24%
TRABADA	30%	33%
O VALADOURO	30%	33%
O VICEDO	25%	31%
VIVEIRO	19%	22%
XOVE	20%	24%
LUGO	26%	28%
GALICIA	19%	22%

e.3) Definicións:

Mozo: Considerarase mozo a aquelas persoas con idade inferior a 35 anos.

III. Mecanismos de garantía dos principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrência.

En aras da transparencia, o GDR divulgará a información máis completa posible sobre as oportunidades de financiación que ofrece o programa de desenvolvemento rural así como o seu contido e alcance.

A toma de decisións seguirán os procedementos marcados pola normativa Agader, *Resolución do 30 de maio polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2008*. DOG nº 115-Luns, 16 de Xuño de 2008. Anexo III: Réxime de Axudas. Así como o articulado dos estatutos da Asociación solicitante.

En canto os procesos de contratación, respetaranse os principios de publicidade, concorrência e obxectividade, sendo de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de Xuño.

IV. Equipo xestor.

O equipo xestor do programa, descrito no punto I.3.1 terá como función principal o apoio técnico na execución do programa de desenvolvemento rural do GDR1 ao abeiro da *Resolución do 30 de maio polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2008*. DOG nº 115-Luns, 16 de Xuño de 2008.

Efectuará así mesmo as seguintes labores xenéricas:

- Mobilización, animación e dinamización: O obxectivo é acadar unha efectiva participación da poboación, fomentando que xurdan novas iniciativas, tanto no inicio do programa coma no desenvolvemento do mesmo.
- Promoción e captación das iniciativas.
- Maduración dos proxectos e apoio aos promotores.
- Apoio técnico para a selección de proxectos.

- Acompañamento dos promotores na evolución posterior dos proxectos, de forma que se siga en contacto máis alá da tramitación das axudas.
- En aras do aproveitamento máximo das axudas Leader e co obxectivo de asesorar da mellor forma aos posibles promotores, o equipo xestor deberá coñecer as convocatorias de axuda pública das distintas administracións. Deberá orientar aos promotores hacia aquelas convocatorias que mellor se adapaten as necesidades do proxecto, evitando ao mesmo tempo recurrir aos fondos Leader asignados ao GDR1 cando non sexa necesario.

As funcións específicas de cada un dos membros do equipo xestor serán as seguintes:

Xerente:

Estará encargado de planificar e coordinar as actuacións do equipo xestor. Co apoio do equipo xestor, corresponderanlle as seguintes funcións:

- Mobilización, animación e dinamización: Fomentar o coñecemento e participación da poboación no Programa.
- Promoción e captación de iniciativas: Fomentar que xurdan novas iniciativas, tanto no inicio do programa coma no desenvolvemento do mesmo.
- Asesoramento e información acerca das diversas axudas financeiras as que se pode acoller unha iniciativa, dentro do Programa ou en outras convocatorias de axuda pública.
- Asesoramento e orientación dos promotores na realización e execución dos seus proxectos, especialmente no referente a adecuación dos mesmos aos obxectivos e estratexias do Programa.
- Informar a Xunta Directiva sobre o funcionamento e xestións realizadas polo equipo xestor.

Técnico:

Estará encargado das seguintes tarefas:

- Realización dos informes técnicos necesarios para a análise dos proxectos presentados
- Emisión dos informes necesarios para o procedemento de instrución dos proxectos
- Seguimento dos proxectos.

Administrativo:

Esta unidade será a encargada de levar a cabo as seguintes tarefas:

- Xestión administrativa, especialmente no que se refire ao seguimento administrativo dos expedientes que xere o Programa.
- Atención e información ao público.

V. Sede do GDR1:

A sede principal do GDR1 localizarase nos actuais locais do Centro de Desenvolvemento Comarcal da Mariña Central en Mondoñedo, na Rúa Julia Pardo, nº 13.

Para facilitar o achegamento á poboación e a presenza do equipo xestor en todo o territorio, prevese o desprazamento dun ou mais membros do equipo xestor, polo menos dous días a semana, a subsedes que se establecerán nas localidades de Ribadeo e Viveiro.

VI. Plan de difusión:

O Plan de Difusión ten por obxectivo dar a coñecer aos posibles beneficiarios a oportunidade de acceder aos fondos referidos neste GDR, coa finalidade de que se formulen iniciativas que dean lugar ao cumprimento dos obxectivos establecidos nel.

O equipo técnico do GDR deberá promover actividades no territorio para facer chegar a toda a poboación dos catorce Concellos da Zona 1 non só a información necesaria para promover proxectos senón que deberá actuar como plataforma de incentivo e axuda para que os diferentes axentes se sintan motivados para a posta en marcha de iniciativas.

Este equipo deberá elaborar un Plan de Comunicación para a difusión dos obxectivos do GDR no que se especifique:

- Segmentación. Creación dunha base de datos cos diferentes grupos rurais agrupados por determinadas características como a súa actividade, natureza xurídica, etc.
- Definición da estratexia de difusión. Deseño das actividades/ferramentas de comunicación axeitadas á tipoloxía de cada segmento obxectivo.
- Produción dos soportes de comunicación necesarios para a axeitada transferencia do plan de desenvolvemento: folletos, dosieres, etc.
- Programa de actividades durante toda a duración destes fondos (2007-2013).
- Elaboración do calendario de actividades
- Designación de recursos humanos.

- Definición das áreas xeográficas para cubrir todo o territorio da Zona 1.

Dentro da esta estratexia de difusión utilizaranse de forma prioritaria as seguintes ferramentas de comunicación:

- Xornadas de Información para dar a coñecer de forma directa os obxectivos definidos neste PDR. Estas Xornadas serán periódicas no tempo e realizaranse como mínimo unha vez ao ano, a ser posible en Concellos diferentes da Zona 1. Nestas xornadas facilitarase todos os datos necesarios para que calquera axente interesado acceda de forma sinxela á información particular que desexe (persoas de contacto, teléfono, correo electrónico, páxina web, situación dos locais do GDR da Zona 1, etc.).
- De xeito complementario, deberá definirse un Programa de Reunións en función do sector económico (agrícola, gandeiro, forestal, ...), do colectivo particular, etc. que sexa flexible de maneira que poida readaptarse e redefinirse en función das necesidades que se vaian contemplando ao longo do desenvolvemento do Plan.
- Comunicación fluída cos medios de comunicación: Radio, prensa Televisión, tendo unha prioridade especial por aqueles que sexan locais. Buscarase a súa colaboración a través de entrevistas, roldas de prensa, reportaxes, etc.
- Creación de páxinas web do GDR Zona 1:
- Web Pública: para que calquera persoa que o desexe poida consular de xeito actualizada toda a información relacionada co GDR da Zona 1. Deberase propiciar que exista un link a ela dende outras páxinas web que garden relación cos GDR (Agader, asociados, etc.) a nivel rexional, estatal e mesmo comunitario na medida do posible. Esta páxina deberá ofrecer a posibilidade de que calquera persoa que o solicite sexa informada periodicamente (a xeito de boletín de subscripción informática, axenda de noticias, etc.) sobre calquera novidade relacionada con este GDR. Neste sentido deberá facilitarse un correo electrónico de contacto para solicitude de información.
- Web de acceso restrinxido para os asociados. O obxecto desta páxina é a total difusión interna da información, de maneira que cada asociado teña un nome de usuario e un contrasinal. Desta forma poderá consultar en cada momento toda a documentación na súa última versión (axenda de reunións, documentos xerados, presentacións, etc.).
- O equipo xestor valorará a posta en marcha dun Concurso de Ideas coa finalidade de captar ideas, novos asociados,... que, coas súas achegas, poidan enriquecer ó grupo con novas opcións non contempladas ata o momento. Realizarase o procedemento para a elección de ideas premiadas, a presentación en público e a entrega

de premios. As bases do concurso estarán dispoñibles na web pública do GDR Zona 1. O concurso terá a súa propia campaña de difusión.

- Realización de Xornadas Técnicas polo menos unha vez ao ano. Nelas facilitarase o intercambio de coñecementos entre persoas vinculadas ao GDR e convidados externos.
- Valorarase a promoción de Cursos Formativos, para facilitar a transferencia de coñecemento dende os diferentes grupos (asociados dos diferentes sectores, e público en xeral).
- Creación de soportes informativos para divulgación, e planificación do modo de distribución para que chegue ao maior número de poboación posible: DVDs, folletos, carteis, notas de prensa, etc.

A xestión documental derivada deste programa deberá estar baseada nos estándares dos sistemas de xestión da calidade, na que como mínimo se estableza unha codificación para os documentos xerados.

Todas as reunións serán documentadas e elaborarse un informe no que se detallen as conclusións obtidas de cada unha delas.

O plan de difusión deberá contemplar a elaboración dunha metodoloxía que garanta unha comunicación vertical bidireccional, dispoñendo de ferramentas que faciliten a información dos novos axentes interesados, así como das novas iniciativas que se formulen.

Estableceranse as bases que definan os pasos a seguir para lograr o mantemento e mellora do plan de difusión, durante a duración de todo o programa. Para iso definiranse as responsabilidades dentro do grupo, para determinar que todos os colectivos sexan atendidos durante o período de duración dos fondos, e garantir a transparencia no tratamento dos datos e toma de decisións.

Estableceranse as bases para fomentar a coordinación con outros GDR, potenciando as sinerxías que poidan xurdir entre eles.

Todas as reunións serán documentadas e elaborarse un informe no que se detallen as conclusións obtidas de cada unha delas.

O plan de difusión deberá contemplar a elaboración dunha metodoloxía que garanta unha comunicación vertical bidireccional, dispoñendo de ferramentas que faciliten a información dos novos axentes interesados, así como das novas iniciativas que se formulen.

Estableceranse as bases que definan os pasos a seguir para lograr o mantemento e mellora do plan de difusión, durante a duración de todo o programa. Para iso definiranse as responsabilidades dentro do grupo, para determinar que todos os colectivos sexan atendidos durante o período de duración dos fondos, e garantir a transparencia no tratamento dos datos e toma de decisións.

Estableceranse as bases para fomentar a coordinación con outros GDR, potenciando as sinerxías que poidan xurdir entre eles.

VI. Outros aspectos da xestión:

A xestión do programa levarase a cabo mediante a aplicación informática que AGADER porá a disposición do equipo xestor do Programa. Así mesmo, a xestión estará suxeita ás normas contidas no Manual de Procedemento Leader.

V. Plan financeiro

Véxase o Anexo IV.

PROGRAMA LEADER DE GALICIA 2007-2013

GDR:

RELACION DE ASOCIADOS/AS

Nº	Denominación	CIF	Enderezo
1	ASOCIACIÓN AMAS DE CASA BAOS		
2	ASOCIACIÓN AMAS DE CASA DE FOZ		
3	ASOCIACIÓN CULTURAL PENA DO GOLPE		
4	ASOCIACIÓN CULTURAL "A SOMBRIZA"		
5	ASOCIACIÓN BENEFICO CULTURAL HIJOS DE SAN MIGUEL Y REINANTE		
6	AGRUPACIÓN CULTURAL SEMEITEIRA		
7	ASOCIACIÓN CULTURAL SAINAS		
8	ASOCIACIÓN CULTURAL E EDUCATIVA TA		
9	ASOCIACIÓN CULTURAL VIRXE DO CARME		
10	ASOCIACIÓN SOCIO CULTURAL AIRIÑOS DO XUNCO		
11	ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DA MARUXAINA		
12	ASOCIACIÓN CULTURAL O PASATEMPO		
13	ASOCIACIÓN CULTURAL FRANCISCO LANZA		
14	ASOCIACIÓN CULTURAL ANDURIÑA		
15	ASOCIACIÓN CULTURAL E XUVENIL O CASTELO		
16	ASOCIACIÓN COLECTIVO CULTURAL OLLOMO		
17	ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA CULTURAL "A SUBELA"		
18	ASOCIACIÓN CULTURAL "A POMBA DO ARCO"		
19	ASOCIACIÓN CULTURAL XUBILADOS TERRA-MAR		
20	ASOCIACIÓN C. CULTURAL "OBISPO SANTO"		
21	ASOCIACIÓN SOCIO CULTURAL MARINAPATRIMONIO		
22	ASOCIACIÓN CULTURAL "O PICATO"		
23	ASOCIACIÓN CULTURAL RECREATIVA E DEPORTIVA "PAU DA VELLA"		
24	ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA PENALBA		
25	ASOCIACIÓN CULTURAL MUSICAL "DAMBARA"		
26	COLECTIVO CULTURAL "BURIL"		
27	ASOCIACIÓN C. AIRIÑOS DO XUNCO		
28	ASOCIACIÓN OSORIO GUTIEREZ		
29	ASOCIACIÓN FESTEXOS GARACA		
30	ASOCIACIÓN CAMIÑA		
31	ASOCIACIÓN XUVENIL XOLDRA		
32	ASOCIACIÓN APNED (ASOC. DE PAIS E NAIS DE NENOS CON DISCAPACIDADE DA MARIÑA)		
33	ASOCIACIÓN DE REREIRAS DA MARIÑA		
34	ASOCIACIÓN "OS SENDEIROS"		
35	ASOCIACIÓN AMIGOS SEMANA SANTA DE RIBADEO		
36	ASOCIACIÓN AXUDA AO ENFERMO MENTAL A MARIÑA		
37	ASOCIACIÓN FESTEJOS A MEDORRA		
38	ASOCIACIÓN ABRINDO CAMIÑO		
39	ASOCIACIÓN "FRAGAS DAS LERIAS"		
40	ASOCIACIÓN "CABEZAS DE FAMILIA SAN ESTEBAN"		
41	ASOCIACIÓN GALEO CUBANA "XULIO TRIGO"		
42	ASOCIACIÓN VIUDAS "STA Mª DO CAMPO"		
43	ASOCIACIÓN LOCAL DE PENSIONISTAS Y JUBILADOS "STA Mª DE TRABADA"		
44	ASOCIACIÓN "ILLA COELLEIRA"		
45	ASOCIACIÓN DE CABALEIROS DO VALADOURO		
46	ASOCIACIÓN COLECTIVO CHILINDRIN		
47	ASOCIACIÓN DE "CABEZAS DE FAMILIA SAN ESTEBAN"		
48	ASOCIACIÓN GALEGA DE APICULTURA AGA		
49	ASOCIACIÓN "O MELLOR DE CADA CASA"		
50	ASOCIACIÓN XUVENIL GALIZA NOVA		
51	ASOCIACIÓN EQUINA "A MEDELA"		
52	ASOCIACIÓN "PUENTE DE LOS SANTOS"		
53	ASOCIACIÓN DE PADRES ALUMNOS DEL COLEGIO "SAGRADO CORAZON"		
54	AFAMER BARREIROS		
55	A MARIÑA COGAMI		
56	AMIGOS DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA FABA		
57	AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL		
58	CENTRO DE INSTRUCCIÓN Y RECREO DE BENQUERENCIA		
59	GRUPO DE MONTAÑA PENA TALLADA		
60	GRUPO DE TEATRO "A ADALA"		
61	SOCIEDADE AMIGOS DA GAITA GALEGA		
62	CONSELLO PASTORAL PARROQUIAL SAN CAMPIO		
63	ORDEN FRANCISCANA SEGLAR		
64	CORAL POLIFONICA DE RIBADEO		
65	CORO PARROQUIAL DE FOZ		
66	ASOCIACIÓN TURISMO RURAL DE A MARIÑA LUCENSE		
67	ASOCIACIÓN AMADORES DA MUSICA		
68	ASOCIACIÓN GASTRONOMICA "OS SABANAOS"		
69	ASOCIACIÓN GASTRONOMICA "OS CACHOLEIROS"		
70	ASOCIACIÓN DE PESCADORES "AMIGOS DO DURO"		
71	ASOCIACIÓN DE PESCADORES RIO MASMA		
72	ASOCIACIÓN DE MARISCADORES DE O VICEDO		
73	ASOCIACIÓN MAR DE FOZ		
74	ASOCIACIÓN MAR DE SAN CIPRIAN		
75	FUNDACIÓN PARA A INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO E INNOVACIÓN NO SECTOR PESQUEIRO		
76	ASOCIACIÓN ECOLOXISTA DA MARIÑA DE LUGO		
77	ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA (A MARIÑA)		
78	ASOCIACIÓN COMERCIANTES INDUSTRIALES AUTONOMOS DE MONDOÑEDO		
79	ASOCIACIÓN COMERCIANTES ACIAL		
80	REDE GALEGA DE EMPRESAS		
81	C.I.G.A MARIÑA		
82	A.C.S.A		
83	SINDICATO LABREGO GALEGO		
84	UNIONS AGRARIAS		
85	ANPA DO CEIP CERVO		
86	ANPA CEIP "CELSO CURRAS"		
87	ANPA DO CEIP MARQUES DE SARGADELOS		
88	ANPA E FAXARDA		
89	A.P.A DO CEIP O VICEDO		
90	ASOCIACIÓN DE CAZADORES O VAL		
91	ASOCIACIÓN DE PROPIETARIOS RURAIS E PRODUCTORES DE CAZA DE GALICIA (APROCA-GALICIA)		
92	SOCIEDAD CAZADORES "O RODEIRO"		
93	SOCIEDAD DE CAZADORES EL SOR		
94	SOCIEDADE COTO DE CAZA DE REMOURELLE		
95	ASOCIACIÓN DE MULLERES E FAMILIAS DE ANBITO RURAL (AMFAR-GALICIA)		
96	ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS PORTA NORTE		
97	ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS MARCO DA PENA VERDE		
98	ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS ESPALLADORAS		
99	ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS AFAMER		
100	ASOCIACIÓN DE MULLERES A LAREIRA		
101	ASOCIACIÓN DE MULLERES BOLBORETAS		
102	ASOCIACIÓN MULLERES RURAIS ORBALLO		
103	OBSERVATORIO DA MARIÑA POLA IGUALDADE		

PROGRAMA LEADER DE GALICIA 2007-2013

GDR:

RELACIÓN DE ASOCIADOS/AS

TIPO DE ENTIDADE OU COLECTIVO	Número	OBSERVACIÓNS
1. ENTIDADES PÚBLICAS		
1.1 CONCELLOS	12	
1.2 OUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS LOCAIS		
1.3 OUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS	4	
2. ENTIDADES PRIVADAS		
2.1 COOPERATIVAS (AGÁS COOPERATIVAS DE TRABALLO ASOCIADO)	3	
2.2 SOCIEDADES AGRARIAS DE TRANSFORMACIÓN	14	
2.3 SOCIEDADES LABORAIS E COOPERATIVAS DE TRABALLO ASOCIADO		
2.4 ORGANIZACIÓNS PROFESIONAIS AGRARIAS	9	
2.5 ASOCIACIÓNS DE MULLERES	17	
2.6 ASOCIACIÓNS DE MOZOS/AS	3	
2.7 ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS/AS	33	
2.8 ASOCIACIÓNS DE EMPRESARIOS/AS E PROFESIONAIS	3	
2.9 ASOCIACIÓNS CULTURAIS/RECREATIVAS...	93	
2.10 C.M.V.M.C.	16	
2.11. OUTRAS	43	

Nº	Denominación	CIF	Enderezo
104	ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE SILVICULTORES DE GALICIA (SILVANUS)		
105	ASOCIACIÓN DE PRODUCTORES DA MADEIRA DE LOURENZÁ (POMALOU)		
106	PROMAVI		
107	ASOCIACIÓN DE PRODUCTORES DE MADEIRA DE O VICEDO (PROMAVICE)		
108	PRODUCTORES DA MADEIRA DE RIBADEO (PROMARRIBA)		
109	ASOCIACIÓN PRODUCTORES DE MADEIRA DE VALADOURO		
110	ASOCIACIÓN EMPRESARIOS DA 1ª TRANSFORMACIÓN DA MADEIRA DE LUGO		
111	ASOCIACIÓN DE HORTICULTORES ASOCIADOS DA MARIÑA LUCENSE "HORTAMARIÑA"		
112	ASOCIACIÓN PROF. PRODUCTORES HUERTA A SUCADOIRA		
113	ASOCIACIÓN PROFESIONAL AGRARIA XOVENES AGRICULTORES		
114	ASOCIACIÓN HORTA LABREGA		
115	FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS PRODUCTORES DE LACTEOS (FEPLAC)		
116	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SANTO ESTEVO DE FORNEA		
117	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN PASTOR		
118	ASOCIACIÓN DE VECINOS SAN SEBASTIAN DE CARBALLIDO		
119	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O REFUXIO		
120	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN VICENTE		
121	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E CULTURAL ATALAIA		
122	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN JUAN BAUTISTA- ANTONIO GARELLY		
123	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS STA ISABEL DE FIGUEIRAS		
124	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "PICO MOURO"		
125	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS REANEN AS ANZAS		
126	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O GAITERO DE OVE		
127	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "NUESTRA SENORA DE LIEIRO"		
128	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CRUZ DA VENTA		
129	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE SANTIAGO DE COUXELA		
130	ASOCIACIÓN DE VEIÑOS RIO OURO		
131	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE VILAR BETOTE		
132	ASOCIACIÓN DE VECINOS STA CRUZ DO VALADOURO		
133	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS A FROUXEIRA		
134	ASOCIACIÓN DE VECINOS SOICO CULTURAL E MEDIAMBIENTAL DE SAN ADRIANO		
135	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CARBALLIDO		
136	A.A.V.V. XUNTA PARROQUIAL SANTIAGO DE FAZOURO		
137	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "VILAORIENTE"		
138	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS TERRAS DE TOVAR		
139	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE VILLAFERNANDO		
140	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN ANTONIO DE PACIOS		
141	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "O SAN MIGUEL"		
142	ASOCIACIÓN VECIÑAL SAN ESTEBAN DE VALCARRIA		
143	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE MOUCIDE		
144	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "AIRIÑOS DO FOLGUEIRO"		
145	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS AIRIÑOS DE LAGO		
146	AAVV "O CANTAL"		
147	ASOCIACION DE VECIÑOS PENAS DE SAN XOAN DE ALAXE		
148	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "O CASTELO" DE OIRAN		
149	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS A MACAVELA		
150	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS STA EULALIA DE BUDIAN		
151	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "O VENCELLO"		
152	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN ANDRES DE MASMA		
153	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE STA Mª MAYOR		
154	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS A MADANELA DE REMOURELLE		
155	COMUNIDADE DE VECIÑOS "COSTA DE LAXAMOURA"		
156	CONCELLO DE TRABADA		
157	CONCELLO DE OUIROL		
158	CONCELLO DE XOVE		
159	CONCELLO DE O VICEDO		
160	CONCELLO DE FOZ		
161	CONCELLO DE CERVO		
162	CONCELLO DE MONDOÑEDO		
163	CONCELLO DE LORENZANA		
164	CONCELLO DE RIBADEO		
165	CONELLO DE VALADOURO		
166	CONCELLO DE BURELA		
167	CONCELLO DE BARREIROS		
168	CONCELLO DE ALFOZ		
169	CLUB DEPORTIVO SAN CIPRIAN		
170	CLUB ASOCIACIÓN DEPORTIVA F.S. XOVE		
171	SOCIEDADE CULTURAL E DEPORTIVA RECREATIVA PALESTINA		
172	SOCIEDADE DEPORTIVA BURELA		
173	ESCOLAS DEPORTIVAS BARREIROS		
174	ESCOLAS DEPORTIVA LOURENZÁ		
175	ESCOLAS DEPORTIVAS DE TRABADA		
176	CLUB DEPORTIVO GUNTIN		
177	AGRUPACIÓN DEPORTIVA VETERANOS DE GUNTIN		
178	CLUBE DEPORTIVO EGOVARDOS		
179	ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA XOVE		
180	ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA PENALBA		
181	CLUB DE TIRO CASTELARCO		
182	CLUB CICLISTA EO		
183	CLUB CICLISTA BARREIROS		
184	CLUB TECOR SAN FERNANDO		
185	RIBATRA CLUB DE BOLOS		
186	CLUB BALONCESTO XOVE		
187	C.B BURELA		
188	CLUB NATACIÓN XOVE		
189	MOTOCUB PALEIRA		
190	OS CORRECAMIÑOS 4x4		
191	ESCOLAS DE XADREZ A POMBA		
192	CLUB ENDOURO		
